

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 24/06/20219.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre (abandona a sesión as
13:40, no debate das mocións urxentes)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e Interventora Municipais.

A Secretaria accidental

Eva Guerrero Rico

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21/05/2021

- SESIÓN ORDINARIA DE 27/05/2021

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS
SESIÓN ANTERIORES**

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21/05/2021

SESIÓN ORDINARIA DE 27/05/2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdC: 2021/G006/000111)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21/05/2021

SESIÓN ORDINARIA DE 27/05/2021

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21/05/2021

SESIÓN ORDINARIA DE 27/05/2021

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Ponte deume, na data que figura na marxe.>>

- O Sr. Luis Pena toma a palabra para explicar que votarán a favor da aprobación dos borradores das actas, de seguido cualifica a xustificación dada polo Sr. Alcalde para non realizar o Pleno extraordinario do 21 de xuño como "un pouco intragable". O que quere o Bloque Nacionalista Galego é que se cre formalmente unha Comisión que represente ao Concello, estea aprobada en Pleno e que se retome de forma inmediata o Manifesto Letras Galegas para Ramiro Fonte. Sobre a acta do Pleno ordinario do 27 de xuño, formula as cuestións seguintes: se se entregou e debateu o Regulamento do Teletraballo con anterioridade na Mesa de Negociación, e se hai unha opinión expresa a favor ou en contra dos sindicatos.

- O Sr. Bernardo Fernández, explica que neste punto de aprobación das actas, non se pode facer preguntas, apreciacións ou aclaracións sobre cuestións que se tratan no Pleno, simplemente é de aprobación, ou de inclusión porque non se está de acordo ou porque non se recolle.

Non habendo máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21/05/2021

SESIÓN ORDINARIA DE 27/05/2021

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- ANULACIÓN DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN NA RÚA RÍO EUME E NA PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO” INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2018 E SOLICITUDE DE REINVESTIMENTO.

Advertido un erro no título do punto obxecto de ditame, xa que conforme ao reflectido na orde do día da convocatoria da comisión, onde di:

“3.- RENUNCIA AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN NA RÚA RÍO EUME E NA PRAZA ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO” INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2018”

Debería decir:

“3.- ANULACIÓN DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN NA RÚA RÍO EUME E NA PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO” INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2018 E SOLICITUDE DE REINVESTIMENTO.”

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno celebrada ó día 21 de xuño de 2021, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 21 DE XUÑO DE 2021

EXPDTE: 2021/G012/000009

SESIÓN Nº: 26/2019-2023

“3.- ANULACIÓN DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN NA RÚA RÍO EUME E NA PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO” INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2018 E SOLICITUDE DE REINVESTIMENTO.”

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

RENUNCIA AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN NA RÚA RÍO EUME E NA PRAZA ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO” INCLUÍDO NO POS + ADICIONAL 2018

(Expediente TEdC: 2021/G006/000107).

O pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión Extraordinaria e Urxente o 17 de decembro de 2017, adoptaba ao acordo relativo a “2.- PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) “POS+ 2018”. ACORDOS QUE PROCEDAN”, en cuxo plan complementario que se incluía a actuación “Pavimentación na Rúa Río Eume e na Praza Álvaro Vázquez Penedo”.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En data 13-06-2018, mediante Decreto de Alcaldía nº 358/2018, resolvíase, entre outros, a inclusión do dito investimento no POS + Adicional 1/2018, por maior achega da Deputación provincial da Coruña.

Por Decreto de Alcaldía nº Nº 516/2020 de 18/09/2020 resolvíase a aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas particulares. Procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria.

En data 29.04.2020 publicábase a licitación no perfil do contratante, cun orzamento de 35.318,41 €

Celebráronse mesas de contratación dos días 14.10.2020, 26.10.2020 e 04.11.2020.

En data 22.12.2020, por Decreto 749/2020, resolvíase emenda ao requirimento de documentación para a adxudicación.

Por resolución de Alcaldía nº 134/2021 de 02.03.2021, resolvíase adxudicar o expediente de contratación da obra "Pavimentación viais na rúa Río Eume e na praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo", " (POS + ADICIONAL 2018) (Expte: 2020/C003/000005), á empresa a ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A, con CIF A15008485, por importe de 25.570,14 €.

Tendo en conta o período de tempo transcorrido dende a aprobación do proxecto e a adxudicación do contrato da obra, observase que as necesidades a cubrir no entorno non son as mesmas, variando substancialmente, en tanto que na actualidade, se aprecia a necesidade de realizar unha actuación máis ampla que comprenda unha reordenación do tráfico rodado e peonil, aperturas de novas vías, ordenación das prazas de aparcadoiro, mellora de accesibilidade dos edificios da zona instalación de nova infraestrutura de saneamento e abastecemento, así como de recollida de residuos; gañando tamén espazo para a cidadanía coa ampliación das beirarrúas, instalación de mobiliario urbano e nova iluminación, así como a introdución de nova vexetación.

Todas estas necesidades recóllense nun novo proxecto "HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA DE RÚA RIO EUME Y PLAZA MESTRE ALVARO VAZQUEZ PENEDO. PONTEDEUME".

Así, e co obxecto da materialización desta actuación de humanización, o Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión ordinaria de 29 de abril, adoptaba o acordo relativo a MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 6, CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, polo que se habilita crédito suficiente para a realización da dita actuación, con cargo ao remanente de Tesourería, a expensas da súa entrada en vigor.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía aprecia a necesidade de non continuar co procedemento de contratación para a execución das obras contidas no proxecto "Pavimentación de vias en Rúa Río Eume e Pr Álvaro Vázquez Penedo" (Expediente TEdC: 2020/C003/000005), xa que anova actuación prevista e contida no proxecto sinalado no parágrafo anterior, supoñería ter que actuar sobre a capa de rodaxe obxecto do proxecto do presente contrato, a día de hoxe, actuación non indicada, co conseguinte prexuízo para o interese público.

Logo de ver a providencia de alcaldía de data 03.06.2021.

Á vista do informe técnico de data 04.06.2021, cuxo contido se transcribe, en estrato:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“O Arquitecto técnico municipal, atendendo a providencia da Alcaldía, emite un informe de valoración sobre si procede a execución da obra enriba reseñada, que se encontra dentro do ámbito da obra: “HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA DE RÚA RÍO EUME Y PLAZA MESTRE ALVARO VAZQUEZ PENEDO. PONTEDEUME”.

Segundo se pode comprobar, o ámbito das obras son coincidentes.

E os traballos previstos nos proxectos , no son compatibles a súa realización se non son de forma coordinada. Ademais, a moito mas ambiciosa e favorable para a Cidadanía os traballos especificados no proxecto de Humanización.

Polo que non cabe, mais que confirmar os argumentos que figuran na Providencia:

“Tendo en conta o período de tempo transcorrido dende a aprobación do proxecto e a adxudicación do contrato da obra, observase que as necesidades a cubrir no entorno non son as mesmas, variando substancialmente, en tanto que na actualidade, se aprecia a necesidade de realizar unha actuación máis amplía que comprenda unha reordenación do tráfico rodado e peonil, aperturas de novas vías, ordenación das prazas de aparcadoiro, mellora de accesibilidade dos edificios da zona instalación de nova infraestrutura de saneamento e abastecemento, así como de recollida de residuos; gañando tamén espazo para a cidadanía coa ampliación das beirarrúas, instalación de mobiliario urbano e nova iluminación, así como a introdución de nova vexetación.”

Unha vez que por Decreto de Alcaldía nº 335/2021 de 08/06/2021, resolvíase a incoación do procedemento para o desistimento co contrato para a execución das obras contidas no proxecto “Pavimentación viais na rúa Río Eume e na praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo”, ” (POS + ADICIONAL 2018) (Expte: 2020/C003/000005), adxudicada á empresa a ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A, con CIF A15008485, por importe de 25.570,14 €, mediante Decreto de Alcaldía nº 134/2021 de 02.03.2021.

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

PRIMEIRO.- *A anulación do investimento “Pavimentación viais na rúa Río Eume e na praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo”, incluído no POS + Adicional 2018 (código de investimento 2018.2001.0708.0).*

SEGUNDO.- *Solicitar á Deputación da Coruña o reinvestimento da candidade asignada ao investimento “Pavimentación viais na rúa Río Eume e na praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo”, incluído no POS + Adicional 2018 (código de investimento 2018.2001.0708.0), no vindeiro “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” da Deputación da Coruña.*

TERCEIRO.- *Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña, aos efectos oportunos.*

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, á data da sinatura dixital.”

A Presidencia abre a quenda para o debate... // ...



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos membros presentes>>

A presidencia abre a quenda para o debate:

- Toma a palabra o D. Daniel Ríos, quen explica que se está a falar do Pos do ano 2018, que viña a cubrir unha necesidade da zona, a mellora do pavimento; naquel momento non se permitía utilizar os remanentes de tesourería, e unha vez se permitiu a súa utilización, pódese ir a un proxecto máis amplo, que cubra todas as necesidades, como: mellora da accesibilidade dos edificios, mellora das beirarrúas, do mobiliario, a iluminación pública...; finalmente, aclara que estes cartos se incorporarán ao Pos do 2022.

- O Sr. Luis Pena Mosquera, anuncia o voto a favor do seu grupo.

- D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, indica que votarán a favor da proposta.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- A anulación do investimento “Pavimentación viais na rúa Río Eume e na praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo”, incluído no POS + Adicional 2018 (código de investimento 2018.2001.0708.0).

SEGUNDO.- Solicitar á Deputación da Coruña o reinvestimento da cantidade asignada ao investimento “Pavimentación viais na rúa Río Eume e na praza Mestre Álvaro Vázquez Penedo”, incluído no POS + Adicional 2018 (código de investimento 2018.2001.0708.0), no vindeiro “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” da Deputación da Coruña.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña, aos efectos oportunos.

3.- ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS.

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno celebrada ó día 21 de xuño de 2021, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 21 DE XUÑO DE 2021

EXPDTE: 2021/G012/000009

SESIÓN Nº: 26/2019-2023

4.- ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

2021/G006/000120/ 2021/G015/000001

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Sométese a tramitación administrativa a Ordenanza reguladora da Xestión da Biomasa e Distancias das Plantacións do concello de Ponte deume

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Ponte deume por medio da presente Ordenanza propón a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo dos mesmos as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

Tendo en conta os antecedentes que obran no expediente:

- Providencia da alcaldía de data 21/04/2021 incoando o procedemento de aprobación da Ordenanza reguladora da Xestión da Biomasa e Distancias das Plantacións do concello de Ponte deume

- Providencia da alcaldía aperturando o procedemento de Consulta pública previa atendendo ás “Directrices sobre a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Ponte deume”, aprobadas en sesión ordinaria do Pleno do Concello de Ponte deume de 27.04.2017 (BOP 86 de 09.05.2017e ao establecido na Lei 36/2015 de 1 de outubro.

- Publicada o día 27/05/2021 exposta na web municipal aos efectos de dar cumprimento ao trámite anterior.

- Informe técnico da Arquitecta municipal de data 04/06/2021 CVD: Ydlw2/Q/Oul/F8/DwcVg

- Texto definitivo para ser sometido a aprobación inicial firmado por el Sr. Alcalde el día 14/06/2021 CVD: +yF1wm2J1Yi0uMi12Dzz

- Informe xurídico da Secretaria Xeral de data 14/06/2021

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO**:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Xestión da Biomasa e Distancias das Plantacións do concello de Ponte deume do seguinte teor literal:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Ponte deume por medio da presente Ordenanza propoñe a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo dos mesmos as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Fundamento

A presente Ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística.

Artigo 2- Finalidade

Está Ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables sitios no termino municipal de Ponte deume.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no artigo 4, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Ponte deume

Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente Ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 4.- Persoas responsables

A efectos desta Ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas físicas ou xurídicas titulares ou no seu caso aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos afectados pola mesma, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica

Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obrigación recaerá sobre aquela que teña o dominio útil. A persoa responsable de realizar a xestión da biomasa será a persoa propietaria dos terreos edificados, para o cal disporá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida.

Este acceso farase durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa, e polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para o beneficiario.

A retirada de especies arbóreas será realizada polo seu/súa propietario/a.

Artigo 5.- Definicións

Aos efectos desta Ordenanza, defínense os seguintes termos:

Monte ou terreo forestal: todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas. Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e na Lei de montes de Galicia. Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, o solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e os excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria. Non obstante, e para os únicos efectos do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, poderán ter a consideración de monte aquelas superficies que estean clasificadas como terreo rústico de protección agropecuaria que reúnan as características previstas no artigo 5.1º da Lei 43/2003, mentres subsista o seu uso forestal.

Repoboación forestal: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.

Zona de influencia forestal: as áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros, excluíndo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable.

Xestión de biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible no terreo forestal e na súa zona de influencia, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia adecuadas para o cumprimento dos obxectivos Previstos.

Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable teñen unha natureza residencial ou habitacional, os riscos para os bens e as persoas por motivos de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

incendios forestais, deben reducirse ao mínimo e primar a seguridade. Os criterios para levar a cabo a xestión da biomasa son os establecidos na Orde de 31 de xullo de 2007, que se recolle como o Anexo III desta ordenanza.

Rede de faixas de xestión de biomasa: o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

Redes terciarias de faixas de xestión de biomasa: localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, áreas cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

Solo urbano, de núcleo rural e urbanizable: para os efectos desta ordenanza terán a consideración destes tipos de solo os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación cualifiquen como tales ou os que reúnan as condicións que sinala os artigos 16, 23 e 27da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Interface urbano forestal: Zona na que as edificacións entran en contacto co monte. Zona onde se atopan o mesturan vivendas e outras estruturas antrópicas con vexetación forestal e outros combustibles vexetais, o que require un modelo de protección contra incendios distinto do que se aplica no terreo forestal.

CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA BIOMASA

Artigo 6.- Xestión da Biomasa

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa das súas fincas conforme aos criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder a súa desinfección e desratización periódica.

Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na súa última redacción, existirán unha serie de obrigas de xestión da biomasa aplicables aos terreos situados no monte e na súa zona de influencia forestal, de acordo cos criterios estipulados na presente ordenanza.

Artigo 7.- Criterios de Xestión da Biomasa

1- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano,



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

urbanizable ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 30(1) de xuño de cada ano.

(1) A data é unha previsión conforme ao estipulado na Lei. En todo caso, o concello pode fixar unha data anterior se así o estima conveniente.

2- Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non serán aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3- Obrigas nas faixas secundarias : Segundo o artigo 21 da Lei 3/2007, as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa estarán formadas polos espazos previamente definidos como tales no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Ponte deume.

Nelas será obrigatorio para as persoas responsables, xestionar a biomasa vexetal, de acordo os criterios estipulados, nunha franxa de 50 metros:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable

b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte

c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no punto anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas no Anexo II desta ordenanza.

As distancias mencionadas neste artigo mediranse, segundo os casos:

a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable

b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.

c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo gasoleiras e parques e instalacións industriais.

d) Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4- *Obrigas nas faixas terciarias: Segundo o artigo 21 bis da Lei 3/2007, redes terciarias de faixas de xestión de biomasa estarán formadas polos espazos previamente definidos como tales no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Ponte deume.*

Nelas será obrigatorio para as persoas responsables:

a) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.

b) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen dentro dunha franxa circundante de 50 metros arredor de zonas forestais de alto valor, cando así sexan especificamente declaradas por orde da consellería competente en materia forestal.

c) Nas vías e nos camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase no estrato arbustivo e subarbustivo, na plataforma de rodadura do camiño e nos 2 metros desde a aresta exterior da vía ou do camiño.

d) No resto de infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais (devasas, faixas auxiliares de pista, rozas, áreas cortalumes e outras infraestruturas de prevención e defensa contra incendios forestais), a xestión da biomasa vexetal farase de acordo co planeamento de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito.

5- *Novas edificacións: Segundo o artigo 23 da Lei 3/2007, as novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:*

a) Asegurar a existencia dunha faixa perimetral de protección para a xestión da biomasa e retirada de especies de 50 metros de largo, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación se cae coa masa arbórea rareada, que en ningún caso conterá especies do Anexo II desta ordenanza, consonte os criterios que se establecerán mediante orde da consellería competente en materia forestal.

b) No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

c) Presentar ante a administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumpren todo que establece a citada lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, no momento de se aprobar

CAPÍTULO III DAS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 8.- Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións.

1_ Prohibicións e distancia das repoboacións forestais: De conformidade co disposto no artigo 67.1 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable, de núcleo rural e no rústico de especial protección agropecuaria.

Non se permiten plantacións das especies indicadas no Anexo II desta ordenanza, en solo de núcleo rural, solo urbano nin solo urbanizable, en toda a superficie do concello. Así mesmo, prohíbese a sementeira ou a plantación con exemplares dos xéneros Acacia (acacia negra, mimosa), Robinia (falsa acacia) e Eucalyptus, mesmo de pés illados, en toda a superficie do concello.

As distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais, veñen recollidas na Lei 7/2012, de Montes de Galicia, segundo a seguinte táboa:

- a) Con parcelas forestais 2 metros*
- b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria 10 metros*
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I, e 10 metros no resto de especies*
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I, e 10 metros no resto de especies*
- e) Con pistas forestais principais 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco*
- f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica 5 metros para todas as especies*
- g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho, 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do Anexo I, e 15 metros no resto de especies, contados dende o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental*
- h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico, independentemente da súa distancia ao monte: 15 m cando se empreguen especies de frondosas do Anexo I e 50 m no resto de especies.*
- i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 m cando se empreguen especies do Anexo I e 50 m para o resto de especies.*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

j) Con campings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes nos cales se desenrolen actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa norma de desenrolo: 15 metros para especies de frondosas do Anexo I e 50 m, para o resto de especies

2_ Distancias das novas plantacións de especies frondosas, froiteiras ou árbores ornamentais: En solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable permitírase a plantación de especies frondosas (agás, segundo o recollido no artigo 10, as dos xéneros Acacia, Robinia e Eucalyptus,), froiteiras ou árbores ornamentais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas das árbores e/ou arbustos non se acheguen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela contigua. As copas das árbores nunca se poderán proxectar sobre o tellado das vivendas.

O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase desde o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobre o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións dedicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En todo caso, os pés das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 metros respecto do dominio público viario, das conducións municipais de abastecemento e evacuación de augas, ou do alumeado público, sen que as polas poidan invadir o seu voo. Exceptuaranse desta prohibición as árbores ornamentais situadas nas beirarrúas, zonas verdes e xardíns de xestión pública ou áreas equivalentes.

3_ Distancias das plantacións arbustivas, sebes e plantacións en medianeira e lindeiros: As distancias que deberán gardarse ao facer plantacións de especies arbustivas, sebes, en medianeiras e lindeiros, sobre calquera tipo de solo en toda a superficie do concello, serán as indicadas na seguinte táboa:

**A VIVENDAS: Arbustos de ata 2 metros de altura: 1 metro . Arbustos de máis de 2 metros de altura: 7 metros

** A EDIFICIOS NON VIVENDA (arbustos de máis de 2 metros de altura): 7 metros

** A PRADEIRAS E FINCAS DE LABOR: Arbustos de ata 2 metros de altura: Sen limitación
Arbustos de máis de 2 metros de altura: 3 metros

** A CAMIÑOS PÚBLICOS: 5 metros desde o eixo e 2 metros desde o borde

** A CONDUCCIÓNS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO OU EVACUACIÓN DE AUGAS: 5 metros



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**** A OUTRAS PLANTACIÓNS:** Arbustos de ata 2 metros de altura: Sen limitación. Arbustos de máis de 2 metros de altura: A mesma distancia das plantacións existentes, cun máximo de 3 metros

No suposto de que se pretenda realizar unha pantalla ou barreira vexetal xunto ao límite da propiedade, ademais de considerar as distancias en función da altura da plantación arbustiva, só poderán utilizarse especies adecuadas para esta finalidade (aligustre, buxo, Photinia, Edra...) e, en ningún caso, se plantarán especies que ao medrar puideran causar coas súas raíces danos nas paredes ou no chan. Tampouco se deberán realizar plantacións a modo de pantalla de carácter pirófito nas zonas de interface urbano- forestal como exemplo: Loureiros (*Laurus Nobilis*), Cipreses (sobre todo *Cupresus.arizonica*, *C.sempervirens*), Romeu (*Rosmarinum sp*), Tuias (*Thuja plicata*). Etc

Artigo 9.- Licenzas e permisos para talas

1. As talas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboreda ou parque a excepción das autorizadas polos órganos competentes da Comunidade Autónoma en materia forestal, estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal por parte deste Concello.

2. Así mesmo segundo o establecido na disposición transitoria 5ª da lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da lei 7/2012 en solos urbanizables estará sometido á o réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

3. Para vertedoiros, residuos forestais, limpeza de soares e distancias de plantación: As obrigas recollidas nesta ordenanza deben cumprirse de xeito permanente.

No caso de detección de incumprimento dalgunha desas obrigas, ben de oficio ou mediante denuncia previa de particulares, realizarase unha inspección e levantamento de actas nos lugares afectados, á fin de comprobar os feitos, así como a situación real dos terreos, e darase comezo ao procedemento regulado nesta ordenanza.

4. Procedemento de orde de execución

Unha vez que o Concello se atope en posesión da acta de inspección o Alcalde poderá ben arquivar o expediente, se a persoa responsable cumpriu as súas obrigas, ou ben acordar a iniciación dun expediente de orde de execución, notificándollo á persoa responsable.

A resolución que acorde a iniciación do expediente será notificada á persoa responsable concedéndolle, ao abeiro do artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, un prazo de audiencia de dez días desde a notificación do acordo, para que formule as alegacións que considere oportunas.

Para o caso de persoas responsables descoñecidas ou ilocalizables publicarase un edicto nos Boletíns Oficiais. No suposto de non se formular alegación ningunha ou se as presentadas



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

fosen desestimadas, o Alcalde ditará orde de execución, que se efectuará no prazo máximo de quince días desde a súa notificación á persoa interesada. Este prazo poderase ampliar, por causa xustificada, noutros quince días.

Rematado este prazo o Concello efectuará unha nova inspección co obxecto de comprobar o cumprimento da orde de execución.

No caso de non se ter cumprido, o mesmo órgano que a ditou poderá acordar, de acordo o artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o outorgamento dun novo prazo, a execución subsidiaria a custa do infractor ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas. As multas coercitivas serán independentes e compatibles coa sanción, poderán reiterarse mensualmente ata lograr o cumprimento do ordenado, e cada unha delas por separado non poderá superar o 20% da multa fixada pola sanción.

A contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O retraso no cumprimento da obriga a reparar*
- b) A superficie do predio*
- c) O número de predios afectados*
- d) A existencia de intencionalidade ou reincidencia no cumprimento No caso de execución subsidiaria notificaráselle á persoa responsable o día e hora en que se levarán a cabo os traballos, estando esta obrigada a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos, que non requirirán de ningunha autorización para a súa execución.*

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables procedendo ao cobro dos gastos que se ocasionen ao concello a través do procedemento executivo de apremio, se fose preciso.

As tarifas que se usarán para o cobro dos gastos derivados da execución subsidiaria dos traballos serán os recollidos no Anexo IV desta Ordenanza.

5. Realización de tarefas extractivas

a) Obrigatoriedade da comunicación previa da tala

Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da tala de plantacións forestais cando superen as 5 toneladas ou procedan dunha superficie superior a 500 m².

A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsábel da mesma, como mínimo 15 días antes da data prevista para o comezo dos traballos debendo constar nela o seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Identificación do propietario e madeireiro.*
- *Especie de madeira obxecto da tala así como Tm a extraer.*
- *Nome do monte afectado e identificación en plano.*
- *Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.*
- *Deberase achegar ademais copia do permiso de corta expedido pola autoridade competente.*

b) Responsable da tala

A persoa encargada da tala será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación destes, incluso con limpeza e retirada de residuos.

c) Almacenamento, limpeza e sinalización

As vías públicas non poderán usarse para almacén de madeira, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga; en todo caso, as cunetas quedarán no estado que tiñan antes da tala.

As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en 48 horas cando coincida en fin de semana.

As vías situadas na zona de extracción e depósito deberán estar debidamente sinalizadas, conforme á lexislación viaria vixente, e vixiadas co fin de previr aos usuarios destas da realización da actividade e dos riscos derivados dela.

d) Restos de tala

Os restos ou depósitos de materiais procedentes de tala, poda ou entresaca, non poderán invadir as vías, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin menoscar a funcionalidade das gabias, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ás vías, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

e) Retirada de restos

Igualmente, a persoa física ou xurídica que figure como titular na solicitude de autorización de corta estará obrigada a retirar da zona de extracción e xestionar de acordo coa normativa vixente en materia de residuos todo o lixo que puidese xerarse durante a actividade (latas combustible, recipientes de bebidas, etc.).

CAPÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 10.- Competencia



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Corresponde ao Concello de Ponte deume a través da alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, previa a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta Ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras Administracións darase conta inmediata das mesmas a autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 11.- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta Ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 12.- Infraccións leves

a) Constitúe infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta Ordenanza.

Artigo 13.- Infraccións graves

a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta Ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo das mesmas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia a inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información a autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 14.- Infraccións moi graves

a) Cando houberse grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c) A resistencia, coacción ou ameaza a autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Artigo 15.- Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.
- b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.
- c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a) Grado de intencionalidade.
- b) Contía do beneficio obtido.
- c) Natureza dos prexuízos causados.

Artigo 16.-Prescrición

As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan os prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves aos seis meses.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día no que a infraccións se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento das persoa interesada, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento das persoas interesadas, do procedemento de execución, renovándose o prazo de prescrición se o expediente de execución estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

Disposición Adicional

Primeira. Como Anexo I desta ordenanza, inclúese o listado de especies de crecemento lento recollida no Anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segunda. Como Anexo II desta ordenanza, inclúese o listado de especies recollidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Terceira. Como Anexo III desta ordenanza inclúense os criterios para a xestión da biomasa recollidos na Orde de 31 de xullo de 2007.

Cuarta. Como Anexo IV desta ordenanza inclúese as tarifas polo custo de execución dos traballos de xestión da biomasa.

Quinta. Estarán excluídos da aplicación desta ordenanza os exemplares vexetais e formacións recollidos no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, modificado polo Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, así como aqueloutros exemplares vexetais e formacións que, polo seu valores ecolóxicos, estéticos, históricos ou culturais, merezan ser conservados.

A N E X O S

ANEXO I: Especies autóctonas de crecemento lento recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia

- Coníferas

Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.

Teixo: *Taxus baccata* L.

- Frondosas

Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.

Bidueiro: *Betula* sp.

Freixo: *Fraxinus excelsior* L.

Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.

Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.

Castiñeiro híbrido: *Castanea x híbrida* (resistente tinta)

Cerdeira: *Prunus avium* L.

Carballo: *Quercus robur* L.

Cerquiño: *Quercus pirenaica* Will.

Sobreira: *Quercus suber* L.

Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

Aciñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Quercus rotundifolia Lam.

Abeleira: *Corylus avellana* L.

Faia: *Fagus sylvatica* L.

Umeiro: *Ulmus glabra* Huds., *Ulmus minor* Miller.

Loureiro: *Laurus nobilis* L.

Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.

Capudre: *Sorbus aucuparia* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Érbedo: *Arbutus unedo* L.

ANEXO II:

Especies recollidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 de incendios de Galicia.

- Piñeiro do país, piñeiro galego: *Pinus pinaster* Ait.
- Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.
- Piñeiro de Monterrey: *Pinus radiata* D.
- Piñeiro de Oregón: *Pseudotsuga menziesii* Mirb.
- Mimosa: *Acacia dealbata* Link.
- Acacia negra: *Acacia melanoxylon* R. Br.
- Eucalipto: *Eucalyptus* sp.
- Queiruga: *Calluna vulgaris* (L.) Hull
- Carqueixa: *Chamaespartium tridentatum* L.
- Xesta: *Cytisus* spp.
- Uz, carpaza: *Erica* spp.
- Xesta, piorno: *Genista* spp.
- Fento: *Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn
- Silva: *Rubus* sp.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Toxo: Ulex europaeus L.*

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de que se trataren de árbores senlleiras, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

ANEXO III:

Criterios para a xestión da biomasa

Nas zonas onde sexa obrigatorio xestionar a biomasa, esta realizarase, ao abeiro da Orde de 31 de xullo de 2007, cumprindo acumulativamente os seguintes criterios xerais.

- *1. No estrato arbóreo, as masas serán mixtas ou de frondosas caducifolias e a distancia entre plantas será, como mínimo, de 7 metros e mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do chan.*
- *2. No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000 m³/hectárea, debendo simultaneamente ser cumpridas as seguintes condicións:*
 - *a) Debe ser garantida a descontinuidade horizontal dos combustibles entre a infraestrutura e o límite externo da faixa de xestión da biomasa.*
 - *b) A altura máxima da vexetación, arbustiva e herbácea ,é a que consta no cadro adxunto, variando en función da porcentaxe de cobertura do solo. % do solo arbóreo cuberto/ altura máxima da vexetación (cm)*

Inferior a 20100

De 20 a 50..... 40

Superior a 50... 20

- *3. Os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo remanentes deben ser organizados espacialmente de maneira que se evite a continuidade vertical dos diferentes estratos combustibles.*

As copas das árbores e dos arbustos deberán estar distanciadas un mínimo de 10 m da edificación e nunca se poderán proxectar sobre o seu tellado.

Non poderá haber ningunha acumulación de sustancias altamente inflamables, excepto no previsto na lexislación sectorial para depósito de combustibles.

ANEXO IV:

Tarifas para o cobro dos custos de execución



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As tarifas que se aplicarán para o cobro dos custos por execución subsidiaria serán as seguintes:

— Tractor (desbroce, uso de remolque con pluma e calquera traballo con tractor): 50 €/ hora
Tractor de cadeas; 100 € Tractor de martelos.

— Traballos pa mixta: 40 €/hora

— Utilización de furgón: 30 €/hora

— Roza manual: 15 €/hora

— Motoserras: traballos a nivel do chan: 15 €/hora

— Traballos en altura: 30 €/hora

— Persoal que utilice material de limpeza (coitelas, fouciñas e outros): 12 €/hora

Uso material auxiliar:

— Coche motobomba (30 €/hora)

— Coche (15 €/hora)

— Coche con remolque (25 €/hora)

— Maquinaria manual: 10 €/hora

— Uso de maquinaria alugada polo concello: o seu custo mais gastos

— Prestación do servizo fóra do termo municipal: 30 €/hora, máis 0,63 €/km.

Disposición Transitoria

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, atopáranse a unha distancia menor a regulada disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse a citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición Derrogatoria

Queda, derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente Ordenanza.

Disposición derradeira

Unha vez cumprida a tramitación descrita, a presente entrará en vigor, segundo prescribe o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. Someter a anterior Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Ponte deume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O Alcalde.
Bernardo Fernández Piñeiro
Asinado dixitalmente”

A Presidencia abre a quenda para o debate... // ...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos membros presentes>>

A presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes**, que reitera o dito na Comisión informativa de Asuntos Xerais do Pleno, celebrada o 21 de xuño. Da conta das actuacións previas á elaboración da Ordenanza: a adhesión ao Convenio de Faixas Secundarias, a aprobación do Plan de Incendios e o terceiro a propia elaboración da Ordenanza. De seguido comenta que esta Ordenanza está adaptada ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, co informe favorable da Arquitecta, e da Secretaria, estivo en audiencia previa 15 días, e agora está na fase de aprobación inicial, despois exporase ao público por 30 días, se hai reclamacións resolveranse, e o derradeiro paso será a aprobación definitiva.

- **Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez**, alégranse da adaptación das Ordenanzas á realidade e desexan que se siga así co resto de Ordenanzas do Concello.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, están de acordo ca elaboración das Ordenanzas, pois dan seguridade xurídica, o que piden é que non queden nun caixón, senón que se poñan os medios suficientes para o seu desenvolvemento. A continuación fai unha aclaración respecto ao anexo IV, hai un pequeno erro, onde pon "...50 €/ hora Tractor de cadeas; 100 € Tractor de martelos..." pensa que debería de poñer, "...50 €/ hora Tractor de cadeas; 100 €/h Tractor de martelos..."

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, responde que a Ordenanza non vai quedar en ningún caixón, vai sair adiante.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Xestión da Biomasa e Distancias das Plantacións do concello de Ponte deume do seguinte teor literal:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Ponte deume por medio da presente Ordenanza propoñe a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo dos mesmos as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Fundamento

A presente Ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística.

Artigo 2- Finalidade

Está Ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables sitios no termino municipal de Ponte deume.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no artigo 4, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Ponte deume

Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente Ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica

Artigo 4.- Persoas responsables

A efectos desta Ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas físicas ou xurídicas titulares ou no seu caso aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos afectados pola mesma, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica

Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obrigación recaerá sobre aquela que teña o dominio útil. A persoa responsable de realizar a xestión da biomasa será a persoa propietaria dos terreos edificados, para o cal disporá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida.

Este acceso farase durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa, e polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para o beneficiario.

A retirada de especies arbóreas será realizada polo seu/súa propietario/a.

Artigo 5.- Definicións

Aos efectos desta Ordenanza, defínense os seguintes termos:

Monte ou terreo forestal: todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas. Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, e na Lei de montes de Galicia. Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, o solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e os excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria. Non obstante, e para os únicos efectos do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, poderán ter a consideración de monte aquelas superficies que estean clasificadas como terreo rústico de protección agropecuaria que reúnan as características previstas no artigo 5.1º da Lei 43/2003, mentres subsista o seu uso forestal.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Repoboación forestal: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.

Zona de influencia forestal: as áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable.

Xestión de biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible no terreo forestal e na súa zona de influencia, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia adecuadas para o cumprimento dos obxectivos Previstos.

Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable teñen unha natureza residencial ou habitacional, os riscos para os bens e as persoas por motivos de incendios forestais, deben reducirse ao mínimo e primar a seguridade. Os criterios para levar a cabo a xestión da biomasa son os establecidos na Orde de 31 de xullo de 2007, que se recolle como o Anexo III desta ordenanza.

Rede de faixas de xestión de biomasa: o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

Redes terciarias de faixas de xestión de biomasa: localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, áreas cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

Solo urbano, de núcleo rural e urbanizable: para os efectos desta ordenanza terán a consideración destes tipos de solo os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación cualifiquen como tales ou os que reúnan as condicións que sinala os artigos 16, 23 e 27da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Interface urbano forestal: Zona na que as edificacións entran en contacto co monte. Zona onde se atopan o mesturan vivendas e outras estruturas antrópicas con vexetación forestal e outros combustibles vexetais, o que require un modelo de protección contra incendios distinto do que se aplica no terreo forestal.

CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA BIOMASA

Artigo 6.- Xestión da Biomasa



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa das súas fincas conforme aos criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder a súa desinfección e desratización periódica.

Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na súa última redacción, existirán unha serie de obrigas de xestión da biomasa aplicables aos terreos situados no monte e na súa zona de influencia forestal, de acordo cos criterios estipulados na presente ordenanza.

Artigo 7.- Criterios de Xestión da Biomasa

1- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 30(1) de xuño de cada ano.

(1) A data é unha previsión conforme ao estipulado na Lei. En todo caso, o concello pode fixar unha data anterior se así o estima conveniente.

2- Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3- Obrigas nas faixas secundarias : Segundo o artigo 21 da Lei 3/2007, as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa estarán formadas polos espazos previamente definidos como tales no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Ponte deume.

Nelas será obrigatorio para as persoas responsables, xestionar a biomasa vexetal, de acordo os criterios estipulados, nunha franxa de 50 metros:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable

b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte

c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no punto anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas no Anexo II desta ordenanza.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As distancias mencionadas neste artigo mediranse, segundo os casos:

- a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable
- b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.
- c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo gasoleneiras e parques e instalacións industriais.
- d) Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.

4- Obrigas nas faixas terciarias: Segundo o artigo 21 bis da Lei 3/2007, redes terciarias de faixas de xestión de biomasa estarán formadas polos espazos previamente definidos como tales no plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais de Ponte deume.

Nelas será obrigatorio para as persoas responsables:

- a) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.
- b) Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen dentro dunha franxa circundante de 50 metros arredor de zonas forestais de alto valor, cando así sexan especificamente declaradas por orde da consellería competente en materia forestal.
- c) Nas vías e nos camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase no estrato arbustivo e subarbustivo, na plataforma de rodadura do camiño e nos 2 metros desde a aresta exterior da vía ou do camiño.
- d) No resto de infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais (devasas, faixas auxiliares de pista, rozas, áreas cortalumes e outras infraestruturas de prevención e defensa contra incendios forestais), a xestión da biomasa vexetal farase de acordo co planeamento de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito.

5- Novas edificacións: Segundo o artigo 23 da Lei 3/2007, as novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:

- a) Asegurar a existencia dunha franxa perimetral de protección para a xestión da biomasa e retirada de especies de 50 metros de largo, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación se cae coa masa arbórea rareada, que en ningún caso conterà especies do Anexo II desta ordenanza, consonte os criterios que se establecerán mediante orde da consellería competente en materia forestal.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

c) Presentar ante a administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimen todo que establece a citada lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, no momento de se aprobar

CAPÍTULO III DAS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS

Artigo 8.- Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións.

1_ Prohibicións e distancia das repoboacións forestais: De conformidade co disposto no artigo 67.1 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable, de núcleo rural e no rústico de especial protección agropecuaria.

Non se permiten plantacións das especies indicadas no Anexo II desta ordenanza, en solo de núcleo rural, solo urbano nin solo urbanizable, en toda a superficie do concello. Así mesmo, prohibese a sementeira ou a plantación con exemplares dos xéneros Acacia (acacia negra, mimosa), Robinia (falsa acacia) e Eucalyptus, mesmo de pés illados, en toda a superficie do concello.

As distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais, veñen recollidas na Lei 7/2012, de Montes de Galicia, segundo a seguinte táboa:

- a) Con parcelas forestais 2 metros
- b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria 10 metros
- c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I, e 10 metros no resto de especies
- d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I, e 10 metros no resto de especies
- e) Con pistas forestais principais 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do Anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
- f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica 5 metros para todas as especies



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho, 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do Anexo I, e 15 metros no resto de especies, contados dende o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental

h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte ou fóra de solo urbano e de núcleo rural e con vivendas illadas en solo rústico, independentemente da súa distancia ao monte: 15 m cando se empreguen especies de frondosas do Anexo I e 50 m no resto de especies.

i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable: 2 m cando se empreguen especies do Anexo I e 50 m para o resto de especies.

j) Con campings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes nos cales se desenrolen actividades perigosas con arranxo ao establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa norma de desenrolo: 15 metros para especies de frondosas do Anexo I e 50 m, para o resto de especies

2_ Distancias das novas plantacións de especies frondosas, froiteiras ou árbores ornamentais: En solo de núcleo rural, solo urbano e solo urbanizable permitirase a plantación de especies frondosas (agás, segundo o recollido no artigo 10, as dos xéneros Acacia, Robinia e Eucalyptus,), froiteiras ou árbores ornamentais, sempre que a distancia entre os pés das plantas sexa, como mínimo, de 10 metros e que as polas das árbores e/ou arbustos non se acheguen a menos de 15 metros das edificacións principais nin a menos de 2 metros do linde da parcela contigua. As copas das árbores nunca se poderán proxectar sobre o tellado das vivendas.

O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase desde o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobre o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións dedicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En todo caso, os pés das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 metros respecto do dominio público viario, das conducións municipais de abastecemento e evacuación de augas, ou do alumeado público, sen que as polas poidan invadir o seu voo. Exceptuaranse desta prohibición as árbores ornamentais situadas nas beirarrúas, zonas verdes e xardíns de xestión pública ou áreas equivalentes.

3_ Distancias das plantacións arbustivas, sebes e plantacións en medianeira e lindeiros: As distancias que deberán gardarse ao facer plantacións de especies arbustivas, sebes, en medianeiras e lindeiros, sobre calquera tipo de solo en toda a superficie do concello, serán as indicadas na seguinte táboa:

**A VIVENDAS: Arbustos de ata 2 metros de altura: 1 metro . Arbustos de máis de 2 metros de altura: 7 metros



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

** A EDIFICIOS NON VIVENDA (arbustos de máis de 2 metros de altura): 7 metros

** A PRADEIRAS E FINCAS DE LABOR: Arbustos de ata 2 metros de altura: Sen limitación
Arbustos de máis de 2 metros de altura: 3 metros

** A CAMIÑOS PÚBLICOS: 5 metros desde o eixo e 2 metros desde o borde

** A CONDUCIÓNS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO OU EVACUACIÓN DE AUGAS: 5 metros

** A OUTRAS PLANTACIÓNS: Arbustos de ata 2 metros de altura: Sen limitación. Arbustos de máis de 2 metros de altura: A mesma distancia das plantacións existentes, cun máximo de 3 metros

No suposto de que se pretenda realizar unha pantalla ou barreira vexetal xunto ao límite da propiedade, ademais de considerar as distancias en función da altura da plantación arbustiva, só poderán utilizarse especies adecuadas para esta finalidade (aligustre, buxo, Photinia, Edra...) e, en ningún caso, se plantarán especies que ao medrar puideran causar coas súas raíces danos nas paredes ou no chan. Tampouco se deberán realizar plantacións a modo de pantalla de carácter pirófito nas zonas de interface urbano- forestal como exemplo: Loureiros (*Laurus Nobilis*), Cipreses (sobre todo *Cupresus.arizonica*, *C.sempervirens*), Romeu (*Rosmarinum sp*), Tuias (*Thuja plicata*). Etc

Artigo 9.- Licenzas e permisos para talas

1. As talas e os abatements de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboreda ou parque a excepción das autorizadas polos órganos competentes da Comunidade Autónoma en materia forestal, estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal por parte deste Concello.

2. Así mesmo segundo o establecido na disposición transitoria 5ª da lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da lei 7/2012 en solos urbanizables estará sometido á o réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

3. Para vertedoiros, residuos forestais, limpeza de soares e distancias de plantación: As obrigas recollidas nesta ordenanza deben cumprirse de xeito permanente.

No caso de detección de incumprimento dalgunha desas obrigas, ben de oficio ou mediante denuncia previa de particulares, realizarase unha inspección e levantamento de actas nos lugares afectados, á fin de comprobar os feitos, así como a situación real dos terreos, e darase comezo ao procedemento regulado nesta ordenanza.

4. Procedemento de orde de execución



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha vez que o Concello se atope en posesión da acta de inspección o Alcalde poderá ben arquivar o expediente, se a persoa responsable cumpriu as súas obrigas, ou ben acordar a iniciación dun expediente de orde de execución, notificándollo á persoa responsable.

A resolución que acorde a iniciación do expediente será notificada á persoa responsable concedéndolle, ao abeiro do artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, un prazo de audiencia de dez días desde a notificación do acordo, para que formule as alegacións que considere oportunas.

Para o caso de persoas responsables descoñecidas ou ilocalizables publicarase un edicto nos Boletíns Oficiais. No suposto de non se formular alegación ningunha ou se as presentadas fosen desestimadas, o Alcalde ditará orde de execución, que se efectuará no prazo máximo de quince días desde a súa notificación á persoa interesada. Este prazo poderase ampliar, por causa xustificada, noutros quince días.

Rematado este prazo o Concello efectuará unha nova inspección co obxecto de comprobar o cumprimento da orde de execución.

No caso de non se ter cumprido, o mesmo órgano que a ditou poderá acordar, de acordo o artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o outorgamento dun novo prazo, a execución subsidiaria a custa do infractor ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas. As multas coercitivas serán independentes e compatibles coa sanción, poderán reiterarse mensualmente ata lograr o cumprimento do ordenado, e cada unha delas por separado non poderá superar o 20% da multa fixada pola sanción.

A contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O retraso no cumprimento da obriga a reparar
- b) A superficie do predio
- c) O número de predios afectados
- d) A existencia de intencionalidade ou reincidencia no cumprimento No caso de execución subsidiaria notificaráselle á persoa responsable o día e hora en que se levarán a cabo os traballos, estando esta obrigada a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos, que non requirirán de ningunha autorización para a súa execución.

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables procedendo ao cobro dos gastos que se ocasionen ao concello a través do procedemento executivo de apremio, se fose preciso.

As tarifas que se usarán para o cobro dos gastos derivados da execución subsidiaria dos traballos serán os recollidos no Anexo IV desta Ordenanza.

5. Realización de tarefas extractivas



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a) Obrigatoriedade da comunicación previa da tala

Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da tala de plantacións forestais cando superen as 5 toneladas ou procedan dunha superficie superior a 500 m².

A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsábel da mesma, como mínimo 15 días antes da data prevista para o comezo dos traballos debendo constar nela o seguinte:

- Identificación do propietario e madeireiro.
- Especie de madeira obxecto da tala así como Tm a extraer.
- Nome do monte afectado e identificación en plano.
- Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.
- Deberase achegar ademais copia do permiso de corta expedido pola autoridade competente.

b) Responsable da tala

A persoa encargada da tala será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación destes, incluso con limpeza e retirada de residuos.

c) Almacenamento, limpeza e sinalización

As vías públicas non poderán usarse para almacén de madeira, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga; en todo caso, as cunetas quedarán no estado que tiñan antes da tala.

As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en 48 horas cando coincida en fin de semana.

As vías situadas na zona de extracción e depósito deberán estar debidamente sinalizadas, conforme á lexislación viaria vixente, e vixiadas co fin de previr aos usuarios destas da realización da actividade e dos riscos derivados dela.

d) Restos de tala

Os restos ou depósitos de materiais procedentes de tala, poda ou entresaca, non poderán invadir as vías, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin menoscabar a funcionalidade das gabias, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ás vías, nin supoñer risco para os usuarios da vía.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e) Retirada de restos

Igualmente, a persoa física ou xurídica que figure como titular na solicitude de autorización de corta estará obrigada a retirar da zona de extracción e xestionar de acordo coa normativa vixente en materia de residuos todo o lixo que puidese xerarse durante a actividade (latas combustible, recipientes de bebidas, etc.).

CAPÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 10.- Competencia

Corresponde ao Concello de Ponte deume a través da alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, previa a instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta Ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras Administracións darase conta inmediata das mesmas a autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 11.- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias as que se refire esta Ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 12.- Infraccións leves

a) Constitúe infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta Ordenanza.

Artigo 13.- Infraccións graves

a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta Ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo das mesmas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia a inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información a autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 14.- Infraccións moi graves

- a) Cando houberse grave repercusión nos recursos naturais.
- b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.
- c) A resistencia, coacción ou ameaza a autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Artigo 15.- Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:
 - a) Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.
 - b) Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.
 - c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.
2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:
 - a) Grado de intencionalidade.
 - b) Contía do beneficio obtido.
 - c) Natureza dos prexuízos causados.

Artigo 16.-Prescrición

As infraccións e sancións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan os prazos de prescrición, as infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves aos seis meses.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día no que a infraccións se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento das persoa interesada, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento das persoas interesadas, do procedemento de execución, renovándose o prazo de prescrición se o expediente de execución estivese paralizado máis dun mes por causas non imputables ao presunto responsable.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Disposición Adicional

Primeira. Como Anexo I desta ordenanza, inclúese o listado de especies de crecemento lento recollida no Anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segunda. Como Anexo II desta ordenanza, inclúese o listado de especies recollidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Terceira. Como Anexo III desta ordenanza inclúense os criterios para a xestión da biomasa recollidos na Orde de 31 de xullo de 2007.

Cuarta: Como Anexo IV desta ordenanza inclúese as tarifas polo custo de execución dos traballos de xestión da biomasa.

Quinta. Estarán excluídos da aplicación desta ordenanza os exemplares vexetais e formacións recollidos no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, modificado polo Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, así como aquel outros exemplares vexetais e formacións que, polo seu valores ecolóxicos, estéticos, históricos ou culturais, merezan ser conservados.

A N E X O S

ANEXO I: Especies autóctonas de crecemento lento recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia

- Coníferas

Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.

Teixo: *Taxus baccata* L.

- Frondosas

Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.

Bidueiro: *Betula* sp.

Freixo: *Fraxinus excelsior* L.

Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.

Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.

Castiñeiro híbrido: *Castanea* x híbrida (resistente tinta)

Cerdeira: *Prunus avium* L.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Carballo: *Quercus robur* L.

Cerquiño: *Quercus pirenaica* Will.

Sobreira: *Quercus suber* L.

Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

Acíñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.

Quercus rotundifolia Lam.

Abeleira: *Corylus avellana* L.

Faia: *Fagus sylvatica* L.

Umeiro: *Ulmus glabra* Huds., *Ulmus minor* Miller.

Loureiro: *Laurus nobilis* L.

Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.

Capudre: *Sorbus aucuparia* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Érbedo: *Arbutus unedo* L.

ANEXO II:

Especies recollidas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 de incendios de Galicia.

- Piñeiro do país, piñeiro galego: *Pinus pinaster* Ait.
- Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.
- Piñeiro de Monterrey: *Pinus radiata* D.
- Piñeiro de Oregón: *Pseudotsuga menziesii* Mirb.
- Mimosa: *Acacia dealbata* Link.
- Acacia negra: *Acacia melanoxylon* R. Br.
- Eucalipto: *Eucalyptus* sp.
- Queiruga: *Calluna vulgaris* (L.) Hull
- Carqueixa: *Chamaespartium tridentatum* L.
- Xesta: *Cytisus* spp.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Uz, carpaza: Erica spp.
- Xesta, piorno: Genista spp.
- Fento: Pteridium aquilinum (L.) Kuhn
- Silva: Rubus sp.
- Toxo: Ulex europaeus L.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa no caso de que se trataren de árbores senlleiras, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

ANEXO III:

Criterios para a xestión da biomasa

Nas zonas onde sexa obrigatorio xestionar a biomasa, esta realizarase, ao abeiro da Orde de 31 de xullo de 2007, cumprindo acumulativamente os seguintes criterios xerais.

- 1. No estrato arbóreo, as masas serán mixtas ou de frondosas caducifolias e a distancia entre plantas será, como mínimo, de 7 metros e mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do chan.
- 2. No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000 m³/hectárea, debendo simultaneamente ser cumpridas as seguintes condicións:
 - a) Debe ser garantida a descontinuidade horizontal dos combustibles entre a infraestrutura e o límite externo da faixa de xestión da biomasa.
 - b) A altura máxima da vexetación, arbustiva e herbácea ,é a que consta no cadro adxunto, variando en función da porcentaxe de cobertura do solo. % do solo arbóreo cuberto/ altura máxima da vexetación (cm)

Inferior a 20100

De 20 a 50..... 40

Superior a 50... 20

- 3. Os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo remanentes deben ser organizados espacialmente de maneira que se evite a continuidade vertical dos diferentes estratos combustibles.

As copas das árbores e dos arbustos deberán estar distanciadas un mínimo de 10 m da edificación e nunca se poderán proxectar sobre o seu tellado.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non poderá haber ningunha acumulación de sustancias altamente inflamables, excepto no previsto na lexislación sectorial para depósito de combustibles.

ANEXO IV:

Tarifas para o cobro dos custos de execución

As tarifas que se aplicarán para o cobro dos custos por execución subsidiaria serán as seguintes:

— Tractor (desbroce, uso de remolque con pluma e calquera traballo con tractor): 50 €/ hora Tractor de cadeas; 100 € Tractor de martelos.

— Traballos pa mixta: 40 €/hora

— Utilización de furgón: 30 €/hora

— Roza manual: 15 €/hora

— Motoserras: traballos a nivel do chan: 15 €/hora

— Traballos en altura: 30 €/hora

— Persoal que utilice material de limpeza (coitelas, fouciñas e outros): 12 €/hora

Uso material auxiliar:

— Coche motobomba (30 €/hora)

— Coche (15 €/hora)

— Coche con remolque (25 €/hora)

— Maquinaria manual: 10 €/hora

— Uso de maquinaria alugada polo concello: o seu custo mais gastos

— Prestación do servizo fóra do termo municipal: 30 €/hora, máis 0,63 €/km.

Disposición Transitoria

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, atopáranse a unha distancia menor a regulada disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse a citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición Derrogatoria



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Queda, derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente Ordenanza.

Disposición derradeira

Unha vez cumprida a tramitación descrita, a presente entrará en vigor, segundo prescribe o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SEGUNDO. Someter a anterior Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Ponte deume co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno o Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto

4.- INTEGRACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno celebrada ó día 21 de xuño de 2021, que se transcribe a continuación:

<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 21 de xuño de 2021

EXPDTE: 2021/G012/000009

Sesión nº: 26/2019-2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5.- ASUNTOS DE URXENCIA

INTEGRACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS FUNCIONARIOS

Dende a Presidencia, propónse para a súa inclusión na orde do día o asunto seguinte:

INTEGRACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS FUNCIONARIOS

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

INTEGRACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS FUNCIONARIOS D^a

D. E D.

Expediente TEDeC: 2021/X998/000049- 2021/G006/000124

Visto o escrito que presentan os funcionarios/as que se transcribe literalmente:

“Os funcionarios/as deste Concello, O Real Decreto 480/1993, do 2 de abril, polo que se integra no Réxime Xeral da Seguridade Social o Réxime Especial da Seguridade Social dos Funcionarios da Administración Local, prevé no seu artigo 1 que:«O persoal activo e pasivo que, no 31 de marzo de 1993, estivese incluído no campo de aplicación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Funcionarios da Administración Local quedará integrado con efectos do 1 de abril de 1993 no Réxime Xeral da Seguridade Social». Neste sentido, a súa Disposición Adicional 1^a obrigaba ás Entidades Locais e demais Institucións ou Entidades que, en data 31 de marzo de 1993, tivesen persoal asegurado no Réxime Especial de Funcionarios da Administración Local a instar o alta e, no seu caso, a afiliación, no Réxime Xeral da Seguridade Social con efectos do 1 de abril de 1993, respecto de devandito persoal, nos termos e condicións previstos na normativa do devandito Réxime. Con todo, na súa Disposición Transitoria 5^a permitíase a aquelas Entidades Locais, Institucións ou Entidades, cuxo persoal viñese recibindo a asistencia sanitaria na data da integración con medios alleos mediante concerto con entidades privadas, mutualidade, irmandade, concerto con medios propios doutras Corporacións ou fórmulas mixtas, segundo o previsto nos artigos 2. c) do RD 3241/1983, do 14 de decembro, polo que se regula a prestación da Asistencia Sanitaria para o Persoal protexido pola Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local, e 4 da Orde do 30 de marzo de 1984, de aplicación do citado Real Decreto, continuar prestando a asistencia sanitaria coa modalidade que tivesen na data da integración sempre que así o decidisen antes do 30 de abril de 1993, previa consulta ás Organizacións Sindicais máis representativas, e por acordo expreso do Pleno. Previas



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

consultas cos afectados, esta opción foi a que se aplicou no caso deste Concello, mantendo aos funcionarios coa asistencia sanitaria concertada con mutua privada, "Hercules Salud SLU". Ao día da data, a situación e a mesma para os tres funcionarios que subscriben, e dicir a asistencia sanitaria prestase por mutua privada. Tendo en conta que os tres funcionarios que subscriben son os únicos funcionarios integrados que continúan con dita prestación sanitaria concertada. Tendo en conta que debe ser por medio de acordo plenario do Concello, o cambio de entidade para a prestación sanitaria aos funcionarios integrados, previa negociación coa mesa xeral. SOLICITAN, que por parte do Concello de Ponte deume, se adopte o acordo de concertar para os funcionarios [REDACTED] a asistencia sanitaria directamente co Instituto Nacional da Seguridade Social, rescindindo o contrato e procedendo a baixa dos mesmos na entidade aseguradora Hercules Salud SLU."

Vista a acta da Xuntanza da Mesa Xeral de Negociación do Concello, celebrada o 15 de xuño de 2021, de onde se dou conta da solicitude presentada polos funcionarios, en relación co seu cambio para que a asistencia sanitaria e realice a través do Sistema de Saúde da Seguridade Social, en lugar de que se preste por medio de mutua privada "Hercules Salud SLU".

Tendo en conta que todos os asistentes a dita Mesa Xeral de Negociación, votaron a favor, sin obxección algunha.

Logo de ver o informe de persoal asinado dixitalmente en data 16/06/2021.

Tendo en conta a proposta do concelleiro de Réxime Interno de data 16/06/2021, cuxo contido se transcribe, en estrato:

"O que se comunica para que pola Alcaldía, se propoña adoptar o acordo Plenario correspondente, a fin de que os funcionarios [REDACTED]

[REDACTED] pasen a ter a asistencia sanitaria directamente polo Servizo Publico de Saúde, procedendo a súa baixa coa mutua Hercules Salud SLU"

Logo de ver o informe da intervención municipal de referencia 175/2021 de data 18.06.2021.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía-Presidencia formula á Comisión Informativa correspondente para a súa aprobación na sesión de Pleno a **PROPOSTA** seguinte.

PRIMEIRO: Adoptar o acordo Plenario correspondente, a fin de que os funcionarios [REDACTED] pasen a ter a asistencia sanitaria directamente polo Servizo Publico de Saude, procedendo a súa baixa coa mutua Hercules Salud SLU.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Ponte deume, na data que figura na marxe"

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** dos membros presentes>>

Non habendo intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Adoptar o acordo Plenario correspondente, a fin de que os funcionarios [REDACTED] pasen a ter a asistencia sanitaria directamente polo Servizo Publico de Saude, procedendo a súa baixa coa mutua Hercules Salud SLU.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados.

5.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES, CON FINALIDADE LUCRATIVA, E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓN SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

Advertido un erro no título do punto obxecto de ditame, que está incompleto, tendo en conta o contido da proposta, onde di:

“1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA”

Debería dicir:

“1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES, CON FINALIDADE LUCRATIVA, E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓN SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.”

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de asuntos económicos e facenda celebrada ó día 21 de xuño de 2021, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONOMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 21 DE XUÑO DE 2021

EXPDTE: 2021/G012/000010

SESIÓN: 27/2019-2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.- ASUNTOS DE URXENCIA

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día os asuntos seguintes:

1.- 1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES, CON FINALIDADE LUCRATIVA, E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓN SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES, CON FINALIDADE LUCRATIVA, E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓN SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA. (Expediente 2021/X999/000261)

(Expediente proposta: 2021/G006/000119)

Por providencia de Alcaldía de data 11/06/2021, iniciouse expediente para a modificación da Ordenanza fiscal número 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares, con finalidade lucrativa, e Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Por parte da Secretaria Municipal emitíuse informe en data 14/06/2021 en relación ao procedemento de modificación das anteditas Ordenanzas.

Consta no expediente informe conxunto da Tesourería e da Intervención de data 17/06/2021.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito e tendo en conta a necesidade de paliar as desastrosas consecuencias supuxo a crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, especialmente nos sectores afectados por ditas Ordenanzas e co fin de mitigar o impacto económico negativo xerado, na hostalería e nos postos de venda ambulante do Feirón, sométese a DITAME da comisión informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, en concreto, mediante a introdución da disposición transitoria seguinte: “Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021,” que queda redactada, como a continuación se indica:

“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Artigo 1.º - Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2.º - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

Artigo 3.º - Suxeito pasivo.

1.-Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4.º - Responsables.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º - Cota tributaria.

1.-A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza consistirá na cantidade resultante de aplica-las tarifas sinaladas na liña seguinte.

2.-As tarifas da taxa serán as seguintes:

Categoría de rúas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Valor mercado/mes.

Primeira: praza e rúa Real Mesas e cadeiras: 4.200 ptas./ud.

Barrís: 1.000 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 1.680 ptas./m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro

Mesas e cadeiras: 3.725 ptas./ud.

Barrís: 850 ptas./ud.

Outros elme. aux.: 1.490 ptas./m2

Terceira: resto do municipio

Mesas e cadeiras: 1.590 ptas./ud.

Barrís: 500 ptas./ud.

Outros elme. aux.: 636 ptas./m2

Categoría de rúas

Valor mercado/día

Primeira: praza e rúa Real

Mesas e cadeiras: 140 ptas./ud.

Barrís: 33 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 56 ptas./m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro

Mesas e cadeiras: 125 ptas./ud.

Barrís: 28 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 50 ptas./m2

Terceira: resto do municipio.

Mesas e cadeiras: 53 ptas./ud.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Barrís: 17 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 25 ptas./m

23.-Normas de aplicación das tarifas:

a) As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado, con excepción dos casos de declaracións de altas e baixas, as cales se prorratearán por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.

b) As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán de solicitar previamente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 26.1 a) da LRFL, segundo a súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

c) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias. Se se desen diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

d) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

e) Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza ata que se aboe o depósito previo a que se refire o artigo 7.1.a) seguinte e se teña obtida a correspondente licencia por parte dos interesados.

O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia ós interesados, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargas que procedan.

f) Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado e polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

g) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ou do día natural seguinte, segundo se trate de autorizacións por tempo superior ou inferior ó mes, ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 6.º - Exencións e bonificacións.

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

Páxina 48 de 99



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.

Artigo 7.º .- Obriga de contribuír.

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos de vía pública, cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo na cota por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.

Artigo 8.º .- Declaración de ingreso.

1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.

2.-O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento ou aproveitamento con duración limitada, as cotas serán obxecto de liquidación por ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados sen duración limitada, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Recadación municipal ou entidades Colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

Artigo 9.º .- Infraccións e sancións. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cadacaso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición Transitoria.

RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

Páxina 49 de 99



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor e comezará a se aplicar unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020

Disposición derogatoria.

A presente ordenanza derroga a ordenanza n.º 7, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa."

SEGUNDO. *Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, en concreto, mediante a introdución da disposición transitoria seguinte: "Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021," que queda redactada como a continuación se indica:*

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓN SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.

Artigo 1.º .-Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións situadas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 2.º .-Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Artigo 3.º .-Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1.-As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se produciu sen a oportuna autorización.

Artigo 4.º .-Responsabilidades.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º .-Cota tributaria.

1.-A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa de 138 ptas./día, por cada metro cadrado ou fracción.

2.-O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudica-los ditos terreos mediante licitación, conforme coas vixentes normas de contratación municipal.

3.-As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e, se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que tivese sido adxudicada.

4.-Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non ó cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de chuvias, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.

Artigo 6.º .-Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.

Artigo 7.º .-Obriga de contribuír.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:

a) *Tratándose de concesións de inicios aproveitamentos de vía pública, no momento no que se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.*

b) *Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o un de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.*

Artigo 8.º .-Normas de xestión.

1.-*As cantidades esixibles de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.*

2.-a) *As localizacións, instalacións, postos, etc. poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de taxa mínima que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.*

b) *Procederáse, con antelación á subasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que teñan que ser obxecto de licitación e indicando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan adicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polbería, quincallerías, etc.*

3.-a) *As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar, previamente á correspondente licenza, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 7.1 a) desta ordenanza e formular declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar e a súa situación dentro do municipio.*

b) *Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.*

c) *En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.*

4.-*Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña aboado e obtido polos interesados a licenza correspondente, de conformidade co estipulado no artigo 26.1 a) da LRFL.*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5.-As autorizacións terán o carácter de persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que correspondan aboar ós interesados.

Artigo 9.º .-Declaración de ingreso.

1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.

2.-O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Recadación municipal ou entidades colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

Artigo 10.º .-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Transitoria.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 24 de setembro de 1998, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e comenará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecientos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

TERCEIRO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>.

CUARTO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Neste caso, o acordo inicial elevado ao definitivo máis o texto modificado da Ordenanza fiscal deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

O Alcalde, na data da sinatura dixital

D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, reitera o comentado na Comisión de Asuntos Económicos e Facenda do 21 de xuño, comenta que xa se fixera a suspensión no ano 2020, co voto favorable de todos os grupos, e agora vólvense a suspender as Ordenanzas, principalmente para paliar os efectos económicos derivados do estado de alarma, ademais son sectores moi afectados pola crise económica.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, pregunta se a suspensión terán que solicitala os interesados ou é automática, responde o Sr. Daniel Ríos e o Sr. Bernardo Fernández que é automática.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, comenta que a modificación da Ordenanza Fiscal recibe dous informes bastantes negativos tanto da Secretaria como da Interventora. Pensa que o equipo de goberno tivo tempo suficiente para cambiala e ademais o fixeron mal, e quen paga as consecuencias son os sectores máis afectados, (hoteles, traballadores...). O voto do BNG vai a ser a favor, pois en caso contrario prexudicárase a cidadanía.

- **Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, con respecto ó informe da Secretaria, de non declarar O expediente concluso, comenta que é unha apreciación técnica, os informes non os fan ni tramitan os políticos. En relación a situación favorable da retroactividade, do que fala o informe da Interventora, hai que aclarar que dito informe tamén di, que a retroactividade nas Facendas



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Locais non está permitida, isto sucede en todos os concellos. O ano pasado ocorreu o mesmo e non houbo problemas, non se entende entón, porque este ano os está poñendo. Finalmente comenta que en decembro, cando se quixo aprobar a Ordenanza, a Tesoureira Municipal estaba de baixa, e cando se incorporou a nova Tesoureira, tráese ao Pleno. Ademais non hai prexudicados, porque non se están pasando recibos.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernandez**, ven a reiterar a falta de persoal do concello para a tramitación dos expedientes, os concelleiros non poden axilizar o procedemento, non inician nin son órgano xestor, non poden informalos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, en concreto, mediante a introdución da disposición transitoria seguinte: “Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021,” que queda redactada, como a continuación se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO, POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Artigo 1.º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2.º.- Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

Artigo 3.º.- Suxeito pasivo.

1.-Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 4.º - Responsables.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º - Cota tributaria.

1.-A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza consistirá na cantidade resultante de aplica-las tarifas sinaladas na liña seguinte.

2.-As tarifas da taxa serán as seguintes:

Categoría de rúas.

Valor mercado/mes.

Primeira: praza e rúa Real Mesas e cadeiras: 4.200 ptas./ud.

Barrís: 1.000 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 1.680 ptas./m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro

Mesas e cadeiras: 3.725 ptas./ud.

Barrís: 850 ptas./ud.

Outros elme. aux.: 1.490 ptas./m2

Terceira: resto do municipio

Mesas e cadeiras: 1.590 ptas./ud.

Barrís: 500 ptas./ud.

Outros elme. aux.: 636 ptas./m2

Categoría de rúas

Valor mercado/día

Primeira: praza e rúa Real

Mesas e cadeiras: 140 ptas./ud.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Barrís: 33 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 56 ptas./m2.

Segunda: resto do caso histórico e Avda. da Coruña, Avda. Saavedra Meneses, praza do Conde e Avda. Lombardeiro

Mesas e cadeiras: 125 ptas./ud.

Barrís: 28 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 50 ptas./m2

Terceira: resto do municipio.

Mesas e cadeiras: 53 ptas./ud.

Barrís: 17 ptas./ud.

Outros elem. aux.: 25 ptas./m

23.-Normas de aplicación das tarifas:

a) As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado, con excepción dos casos de declaracións de altas e baixas, as cales se prorratearán por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.

b) As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán de solicitar previamente a correspondente licencia e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 26.1 a) da LRFL, segundo a súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

c) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias. Se se desen diferencias notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

d) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

e) Non se autorizará ningún dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza ata que se aboe o depósito previo a que se refire o artigo 7.1.a) seguinte e se teña obtida a correspondente licencia por parte dos interesados.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia ós interesados, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargas que procedan.

f) Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado e polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

g) A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ou do día natural seguinte, segundo se trate de autorizacións por tempo superior ou inferior ó mes, ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 6.º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.

Artigo 7.º.- Obriga de contribuír.

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos de vía pública, cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo na cota por meses ou por días naturais, segundo esteamos ante concesións de aproveitamentos por tempo superior ou inferior ó mes.

Artigo 8.º.- Declaración de ingreso.

1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.

2.-O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento ou aproveitamento con duración limitada, as cotas serán obxecto de liquidación por ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados sen duración limitada, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Recadación municipal ou entidades Colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

Artigo 9.º.- Infraccións e sancións. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cadacaso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición Transitoria.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor e comezará a se aplicar unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa a partires do día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020

Disposición derogatoria.

A presente ordenanza derroga a ordenanza n.º 7, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.”

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, en concreto, mediante a introdución da disposición transitoria seguinte: “Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021,” que queda redactada como a continuación se indica:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS E ATRACCIÓN SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións situadas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2.º.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa as utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Artigo 3.º.-Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1.-As persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou quen se beneficie dos aproveitamentos, se se produciu sen a oportuna autorización.

Artigo 4.º.-Responsabilidades.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º.-Cota tributaria.

1.-A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa de 138 ptas./día, por cada metro cadrado ou fracción.

2.-O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudica-los ditos terreos mediante licitación, conforme coas vixentes normas de contratación municipal.

3.-As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data e, se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que tivese sido adxudicada.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.-Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdese pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non ó cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de chuvias, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra forza maior.

Artigo 6.º.-Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pago da taxa.

Artigo 7.º.-Obriga de contribuír.

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, que orixina o dereito de cobro:

a) Tratándose de concesións de inicios aproveitamentos de vía pública, no momento no que se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, anque poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial, tal e como sinala o artigo 26.1 a) da LRFL, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o un de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, caso no que o período impositivo se axustará a esa circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

Artigo 8.º.-Normas de xestión.

1.-As cantidades esixibles de acordo coa tarifa, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

2.-a) As localizacións, instalacións, postos, etc. poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de taxa mínima que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.

b) Procederase, con antelación á subasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que teñan que ser obxecto de licitación e indicando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan adicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polbería, quincallerías, etc.

3.-a) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar, previamente á correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 7.1 a) desta ordenanza e formular declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar e a súa situación dentro do municipio.

b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

c) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

4.-Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña aboado e obtido polos interesados a licencia correspondente, de conformidade co estipulado no artigo 26.1 a) da LRFL.

5.-As autorizacións terán o carácter de persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que correspondan aboar ós interesados.

Artigo 9.º .-Declaración de ingreso.

1.-As utilizacións privativas e aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica suxeitas a esta taxa levaranse ó cabo a instancia de parte.

2.-O pagamento desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso directo, unha vez concedidas as correspondentes licencias, na Tesourería municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, as cotas serán obxecto de liquidación de ingreso por recibo, nas oficinas da Recadación municipal ou entidades colaboradoras sinaladas para o efecto e durante o prazo establecido polo Concello no seu calendario fiscal.

Artigo 10.º .-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Transitoria.

Se suspenderá temporalmente a vixencia de aplicación de ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográficos, a partires do día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 24 de setembro de 1998, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e comenza a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

TERCEIRO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>.

CUARTO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Neste caso, o acordo inicial elevado ao definitivo máis o texto modificado da Ordenanza fiscal deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello.

6.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2021/9.

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de asuntos económicos e facenda celebrada o día 21 de xuño de 2021, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 21 DE XUÑO DE 2021

EXPDTE: 2021/G012/000010

SESIÓN: 27/2019-2023

4.- ASUNTOS DE URXENCIA

Dende a Presidencia, proponse para a súa inclusión na orde do día os asuntos seguintes:

2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2021/9.

*Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.*

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2021/9.

Expediente TEdC: 2021/X999/000259

Logo de ver que con data do 10/06/2021 asínase providencia da Alcaldía, constando incorporada ao expediente TEdC número 2021/X999/000259 Relación de Facturas de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito F/2021/9, sinalando o seguinte:

(...) PRIMEIRO.- Sendo necesario realizar a aprobación das seguintes facturas F/2021/9, por importe total de 73.158,80 euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2020 e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2021 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2021, a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos (...)

(...) DISPOÑO

ÚNICO.- Que se emitan os informes que procedan e se continúe o expediente para a súa inclusión, de ser posible no Pleno ordinario a celebrarse neste mes de xuño (...)

Sobre isto cómpre sinalar que algunha das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, unha por mes, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademáis que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: "1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto".

Logo de ver que con data do 14/06/2021 asínase informe de secretaría xeral, constando incorporado ao sinalado expediente, indicando no apartado de consideracións xurídicas unha serie de incumprimentos que levan a calificar o expediente como non concluso e desfavorable na tramitación administrativa, procedendo a devolución do expediente ao departamento tramitador.

Á vista do informe da secretaría xeral, no que se pon de manifesto importantes incumprimentos, sendo este o primeiro destas características en expedientes de recoñecemento extraxudicial de Pleno, sin que conste a advertencia da calificación dos mesmos como NON CONCLUSOS E DESFAVORABLES NA TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA, observación que non corresponde facer a esta Alcaldía nin no suposto de ter coñecementos en profundidade do procedemento administrativo, xa que non é un órgano tramitar, advertencia que de terse producido no seu momento, permitiría a adopción de medidas de cara a cumprir co sinalado no informe de secretaría xeral, para a tramitación deste expediente.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta a situación na que se atopa o expediente e o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas afectadas, carentes na maioría delas de persoal administrativo, tendo que das 38 facturas sometidas a aprobación:

25 son emitidas por *Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A.U.*, empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración, relativas ao Canón de Augas de Galicia correspondente aos distintos subministros municipais, servizo carente de persoal administrativo para proceder a súa tramitación, estando todas elas conformadas pola Concellería correspondente,

4 son emitidas por *Electricidad Permuy S.L.*, relativas ao mantemento do alumado público, **1** por *VS! Producción Creativa S.L.*, e **1** por *Bialbero S.L.*, correspondentes estas últimas á iluminación de nadal, servizo carente de persoal administrativo, estando todas elas conformadas pola Concellería correspondente.

3 son emitidas por *Cofersa Seguridad, S.L.U.*, e, relativas á revisión anual obrigatoria dos extintores das distintas dependencias, correspondente ao servizo de mantemento, carente de persoal administrativo, estando todas elas conformadas pola Concellería correspondente.

2 son emitidas por *Artabra Gestión Medioambiental, S.L.*, relativas a traballos extraordinarios de desinfección con motivo da pandemia da Covid-19, correspondente ao servizo de mantemento, carente de persoal administrativo, estando todas elas conformadas pola Concellería correspondente.

1 é emitida por *Eume Rodrical S.L.*, relativa á recollida de enseres, correspondente ao servizo de recollida de lixo, carente de persoal administrativo, estando conformada pola Concellería correspondente.

1 é emitida por *Galivalia Consulstgo S.L.*, por elaboración dun informe técnico-xurídico da carreira profesional horizontal do persoal laboral, entendendo que dada a natureza do servizo prestado "informe técnico xurídico", e que o expediente someteuse a informe de secretaria, podería existir neste caso, pronunciamento expreso da dependencia para dar cumprimento ao artigo 172 do RD 2568/1986 de 28 de novembro.

Vistos os cambios realizados na tramitación administrativa sen ter consultado a esta Alcaldía a dita forma de proceder, ou consensuado este cambio cos distintos departamentos, tal e como se fai constar no informe da Intervención.

Tendo en conta a capacidade deste concello e do seu persoal, coas carencias advertidas reiteradamente polas distintas xefaturas de departamento para poder desenvolver todo o traballo encomendado, a actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición, a dificultade para a organización de determinados departamentos como consecuencia desta situación, a obsoleta configuración das tarefas asigandas aos distintos postos na Relación de postos de traballo vixente (que data do 2007), así como a necesidade de continuar co desenvolvemento das políticas de persoal e organización interna, todas as novas normas de aplicación ditadas durante o estado de alarma consecuencia da pandemia que vivimos, e a cantidade de traballo ordinario que ten colapsados moitos servizos,



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ao que hai que sumar as limitacións para a contratación de novo persoal descritas anteriormente, procede neste momento adicar tempo e esforzo a realizar un organigrama de organización interna máis eficaz e desenvolver un cronograma de actuacións para poder levar a cabo moitas contratacións pendentes, que a día de hoxe seguen sin licitar por carencia de persoal e organización para poder realizalas, sendo una prioridade na que se leva tempo traballando dende o equipo de goberno municipal de cara a acometer estas funcións de e dar así cumprimento a todas as advertencias realizadas pola secretaria e interventora municipais, estando nestes momentos a elaborar un plan estratéxico que será presentado nos vindeiros días.

Faise constar que a pesar de haber pregos de contratación encargados de forma externa e téndose presentado hai tempo no concello, tras ter dado instrucións verbais para a súa tramitación, esta non foi posible por carencia de persoal e sobrecarga de traballo, tal e como se lle ten trasladado a esta alcaldía en varias ocasións por parte dos distintos departamentos que intervenñen na súa xestión, e como consecuencia de non poder deixar de prestar os servizos á veciñanza, e se ben como se indica nos informes hai irregularidades na contratación, para encargar os servizos sempre se realiza proposta de gasto e se solicitan varios orzamentos, ao non ser posible cos efectivos do concello ter todas as contratacións licitadas. Polo tanto van adoptarse medidas que permitan ir realizando as ditas contratacións con todos os requisitos previstos na Lei de contratos, así coma a emisión das correspondentes providencias, tal e como se fará constar no plan estratéxico citado con anterioridade.

Faise constar tamén que moitas das ditas tarefas administrativas se realizan polos concelleiros e o Alcalde directamente, ao non contar con suficiente persoal, igual que moitos escritos de contestación a requerimentos, o que denota claramente a necesidade do seu reforzo, acometendo cambios na xestión e organización administrativa de cara a ir adecuando os procedementos ao cumprimento de todos os requisitos esixidos pola normativa.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 174/2021 de 18.06.2021.

Logo de ver que no dito informe se sinala o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que na medida do posible se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios lexislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requerimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas, situación posta de manifesto de forma reiterada nos sucesivos informes emitidos polos xefes de departamento.

Proba destes avances foron as incorporacións de tres funcionarias interinas; e, no servizo de tesourería, tamén se procedeu á regularización do posto de tesourería e á súa cobertura por funcionaria con habilitación de carácter nacional, actualmente en réxime de acumulación por baixa da titular do posto.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Igualmente en decembro de 2019 aprobouse a oferta de emprego público, dando orde verbal ao departamento de persoal de iniciar a tramitación, estando nestes momentos elaborando as bases para realizar a súa convocatoria; e se está en proceso de aprobar a oferta de emprego público do ano 2021, o que axudará a solventar as carencias de medios persoais nalgúns departamentos, sendo que se van ofertar dúas prazas, unha de técnico de xestión que se incorporaría á área de Secretaría, falta actualmente de persoal, tal e como se ten posto de manifesto nos distintos informes, e outra de técnico de contratación, que sen lugar a dúbias axudarán a mellorar e revertir a situación descrita.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos hacia o cumprimento de todas as carencias sinaladas, tal e como leva facendo dende a pasada lexislatura, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, estando en tramitación tamén dúas prazas de mobilidade; pero véndose esta tarefa ralentizada e dificultada pola actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá das que se corresponden coa tasa de reposición, que oscilou ao longo deste tempo entre o 50% e o 100%.

Igualmente se teñen introducido moitos cambios na tramitación administrativa electrónica.

Tendo en conta ademáis que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, sendo que o orzamento total do concello en 2020 ascendía a 11.175.773,86 euros e as obrigas recoñecidas a 7.259.941,88 euros, polo que, de ter chegado anteriormente ao rexistro de facturas de intervención poderían terse tramitado logo de terse realizado a correspondente modificación orzamentaria, o que non se pudo realizar por non achegarse as facturas con suficiente antelación para iso,

E visto que o orzamento do concello para o exercizo 2021 ascendía nos seus créditos e previsións iniciais de gastos e ingresos a 7.171.475,61 euros, e que o definitivo, logo de terse aprobado varias modificacións de crédito, ascende neste momento a 10.522.318,29 euros, habendo crédito necesario para recoñecer extraxudicialmente as facturas propostas e achegadas ao concello xa neste ano 2021, e de cara a non prexudicar aos terceiros/provedores e non dilatar máis o pagamento,

PROPOÑO que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos.

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe de por importe total de **73.158,80** euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercizo 2020 e para as que non existía crédito adecuado e suficiente no ano 2020 (de terse facturado no dito momento) e para as que existe crédito adecuado e



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

suficiente para a súa tramitación no exercicio 2021 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2021:

Nº Entrada	Data	Nº Doc.	Data Doc.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ.
F/2021/520	11/02/2021	Emit-2021 02	31/01/2021	5372,4	ARTABRA GESTION MEDIOAMBIENT AL SL	DESINFECCION CON MAQUINA ALTA PRESION POR RUAS E PARROQUIAS EN NOVEMBRO 2020. POLO COVID D.ADX.	311	22700
F/2021/531	15/02/2021	255-21 281	30/01/2021	84,7	COFERSA SEGURIDAD, S.L.U	REVISION ANUAL DE 2 EXTINTORES E 2 SINAIS NO CEMITERIO. R. VALERIANO VILLANUEVA. NOVEMBRO. D.ADX.	164	21300
F/2021/548	19/02/2021	R2021002 2021002	12/01/2021	14283,71	VS1 PRODUCCION CREATIVA SL	COLOCACION DE LOGOS DO 750 ANIVER DO CONCELLO CON LUCES DE NADAL NO TORREON, CONCELLO, PR. ESPAÑA E LUZ FACHADA MERCADO	334	20800
F/2021/549	19/02/2021	R20210001 20210001	12/01/2021	16967,72	BIALBERO S.L.	COLOCACION DE LUCES NADAL EN DISTINTOS PUNTOS DO CONCELLO. DO 4 DE DECEMBRO AO 6 DE XANEIRO	334	20800
F/2021/562	22/02/2021	255-20 4195	31/12/2020	1423,35	COFERSA SEGURIDAD, S.L.U	REVISION ANUAL EXTINTORES DIVERSOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO. DECEMBRO 2020		
F/2021/584	25/02/2021	Emit- 309	15/01/2021	2117,5	EUME RODRICAL, S.L.	RECOLLIDA DE ENSERES DO MES DE DECEMBRO 2020	1622	22713
F/2021/876	23/03/2021	255-21 690	26/02/2021	178,96	COFERSA SEGURIDAD, S.L.U	REVISION ANUAL DE 2 EXTINTORES NA ESCOLA INFANTIL CHALE ROSA. 4/12/2020. D.ADX.	3232	21300
F/2021/961	31/03/2021	AA21 000064	31/03/2021	4997,3	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTEMENTO DE ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 DE NOVEMBRO DE 2020	165	22710
F/ 2021/1106	07/04/2021	2021- 61	07/04/2021	1089	GALIVALIA CONSULSTGO SL	ELABORACION INFORME TECNICO-XURIDICO CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL LABORAL. D.ADX.	920	22706
F/ 2021/1133	12/04/2021	Emit-21 07	31/03/2021	5808	ARTABRA GESTION	DESINFECCIÓN CON FREGADORA ALTA PRESION	311	22700



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					MEDIOAMBIENT AL SL	OS DIAS 1, 2, 3, 4, 9, 10,11 E 14 DE DECEMBRO DE 2020. D.ADX.		
F/ 2021/1238	27/04/2021	02332021A N00002537	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 9,6 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA DE BOEBRE. 14-09- 2020 a 10-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1239	27/04/2021	02332021A N00000073	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 6,12 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. FOGAR XUVENTUDE. 15-09- 2020 a 11-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1240	27/04/2021	02332021A N00002529	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 41,68 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. CONCELLO. 04-09-2020 a 03- 12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1241	27/04/2021	02332021A N00000080	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 6,7 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. AV. RICARDO SANCHEZ 37 ST. B. 16-09-2020 a 14-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1242	27/04/2021	02332021A N00002533	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 6,12 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHAS PRAIA DE VER. 11-09- 2020 a 09-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1243	27/04/2021	02332021A N00000069	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 43,71 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. CENTRO DE MAIORES. 15-09- 2020 a 11-12-2020	161	22501
F/ 2021/1244	27/04/2021	02332021A N00000077	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 6,12 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA DAS VIRTUDES. 15-09- 2020 a 11-12-2020	161	22501
F/ 2021/1245	27/04/2021	02332021A N00000076	27/04/2021		VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE 6,12 GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA PARROQUIAL. 18-09- 2020 a 16-12-2020	161	22501
F/ 2021/1246	27/04/2021	02332021A N00002523	27/04/2021	323,94	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE	CANON DA AUGA GALICIA. COLEXIO COUCEIRO. 07-09- 2020 a 04-12-2020	161	22501



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					GALICIA, S.A.U.			
F/ 2021/1247	27/04/2021	02332021A N00000070	27/04/2021	7,28	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA DE CAMPOLONGO. 18-09-2020 a 16-12-2020	161	22501
F/ 2021/1248	27/04/2021	02332021A N00002539	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHA PRAIA DE SOPAZOS. 07-09-2020 a 04-12-2020	161	22501
F/ 2021/1249	27/04/2021	02332021A N00000085	27/04/2021	2980,44	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. COLEXIO DE ANDRADE. 18-09- 2020 a 16-12-2020	161	22501
F/ 2021/1250	27/04/2021	02332021A N00000071	27/04/2021	13,08	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. P. I. VIDREIRO. 18-09-2020 a 16-12- 2020	161	22501
F/ 2021/1251	27/04/2021	02332021A N00002530	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. BIBLIOTECA. 04-09-2020 a 03- 12-2020	161	22501
F/ 2021/1252	27/04/2021	02332021A N00000084	27/04/2021	8,73	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA DE OMBRE. 21-09- 2020 a 17-12-2020	161	22501
F/ 2021/1253	27/04/2021	02332021A N00000086	27/04/2021	40,81	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA INFANTIL. CHALE ROSA. 16-09-2020 a 14-12-2020	161	22501
F/ 2021/1254	27/04/2021	02332021A N00002534	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA DE BOEBRE. 14-09- 2020 a 10-12-2020	161	22501
F/ 2021/1255	27/04/2021	02332021A N00002524	27/04/2021	17,72	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA XULGADO/SERV. SOCIAIS. 07- 09-2020 a 04-12-2020	161	22501



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

F/ 2021/1256	27/04/2021	02332021A N00002535	27/04/2021	85,77	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA DE CENTROÑA. 11-09- 2020 a 09-12-2020	161	22501
F/ 2021/1257	27/04/2021	02332021A N00002528	27/04/2021	6,41	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DR. VILLANUEVA 36 BAIXO. 09-09- 2020 a 07-12-2020	161	22501
F/ 2021/1258	27/04/2021	02332021A N00002543	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. MERCADO. 07-09-2020 a 04-12- 2020	161	22501
F/ 2021/1259	27/04/2021	02332021A N00000081	27/04/2021	23,23	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. FOREMDES. 16-09-2020 a 14- 12-2020	161	22501
F/ 2021/1260	27/04/2021	02332021A N00002536	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHA PRAIA DE CENTROÑA. 11-09-2020 a 09-12-2020	161	22501
F/ 2021/1261	27/04/2021	02332021A N00000075	27/04/2021	6,41	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. CASA DA CULTURA. 15-09- 2020 a 11-12-2020	161	22501
F/ 2021/1262	27/04/2021	02332021A N00002544	27/04/2021	60,24	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHA PRAIA DE VER. 11-09- 2020 a 09-12-2020	161	22501
F/ 2021/1293	30/04/2021	AA21 000089	30/04/2021	5535,75	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTEMENTO DE ALUMEADO PUBLICO DO 16 AO 30 DE NOVEMBRO	165	22710
F/ 2021/1294	30/04/2021	AA21 000090	30/04/2021	5997,53	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTEMENTO DE ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 DE DECEMBRO	165	22710
F/ 2021/1295	30/04/2021	AA21 000091	30/04/2021	5572,05	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PUBLICO DO 16 AO 31 DE DECEMBRO	165	22710



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Das anteriores facturas, están incluídas en proxectos de gasto as seguintes:

- Proxecto de gasto Xulgado de Paz. 2020/3/KD/1/1: F/2021/562 imputada por importe 18,62 euros

Asinado dixitalmente polo alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 6 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Luís Ángel Díaz González e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a Rocio Souto Torre.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, reitera o comentado na Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda do día 21 de xuño. Explica que estase a falar de facturas que chegaron no ano 2021 e corresponden a traballos realizados no ano 2020, e o único mecanismo que establece a lei para poder pagalas e a súa aprobación polo Pleno. Son facturas de mantemento eléctrico, canon de Viaqua, e desinfeccións levadas a cabo pola crise sanitaria.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, comenta que na maioría das facturas, como di a Interventora, non se está dando cumprimento ós requisitos dos contratos menores, hai facturación acumulada de varios provedores, de abultado importe, que non se adecúan a tramitación administrativa da contratación, polo tanto o voto vai a ser en contra.

- **Toma a palabra o Sr. Daniel Ríos**, explica que estase en vía de solventar a situación, que é común a todos os concellos. Coa Oferta de Emprego Publico do ano 2019 e 2021 permitírase contratar a un Técnico de Administración Xeral e outro de Contratación, adicados principalmente a mellorar esta situación, ademais da delegación de expedientes na Deputación, ou convenios con outras administracións para informar pregos ou contratos. Todos os concellos están nunha situación similar.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto; D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Luís Ángel Díaz González e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e **2 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG: D^a Rocio Souto Torre e D. Luis Pena Mosquera, o **ACORDO** seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos.

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe de por importe total de **73.158,80** euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2020 e para as que non existía crédito adecuado e suficiente no ano 2020 (de terse facturado no dito momento) e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2021 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2021:

Nº Entrada	Data	Nº Doc.	Data Doc.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Prog	Econ.
F/2021/520	11/02/2021	Emit-2021 02	31/01/2021	5372,4	ARTABRA GESTION MEDIOAMBIENT AL SL	DESINFECCION CON MAQUINA ALTA PRESION POR RUAS E PARROQUIAS EN NOVEMBRO 2020. POLO COVID D.ADX.	311	22700
F/2021/531	15/02/2021	255-21 281	30/01/2021	84,7	COFERSA SEGURIDAD, S.L.U	REVISION ANUAL DE 2 EXTINTORES E 2 SINAIS NO CEMITERIO. R. VALERIANO VILLANUEVA. NOVEMBRO. D.ADX.	164	21300
F/2021/548	19/02/2021	R2021002 2021002	12/01/2021	14283,71	VS1 PRODUCCION CREATIVA SL	COLOCACION DE LOGOS DO 750 ANIVER DO CONCELLO CON LUCES DE NADAL NO TORREON, CONCELLO, PR. ESPAÑA E LUZ FACHADA MERCADO	334	20800
F/2021/549	19/02/2021	R20210001 20210001	12/01/2021	16967,72	BIALBERO S.L.	COLOCACION DE LUCES NADAL EN DISTINTOS PUNTOS DO CONCELLO. DO 4 DE DECEMBRO AO 6 DE XANEIRO	334	20800
F/2021/562	22/02/2021	255-20 4195	31/12/2020	1423,35	COFERSA SEGURIDAD, S.L.U	REVISION ANUAL EXTINTORES DIVERSOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO. DECEMBRO 2020		
F/2021/584	25/02/2021	Emit- 309	15/01/2021	2117,5	EUME RODRICAL, S.L.	RECOLLIDA DE ENSERES DO MES DE DECEMBRO 2020	1622	22713
F/2021/876	23/03/2021	255-21 690	26/02/2021	178,96	COFERSA SEGURIDAD, S.L.U	REVISION ANUAL DE 2 EXTINTORES NA ESCOLA INFANTIL CHALE ROSA. 4/12/2020. D.ADX.	3232	21300
F/2021/961	31/03/2021	AA21 000064	31/03/2021	4997,3	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTENIMENTO DE ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 DE NOVEMBRO DE 2020	165	22710



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

F/ 2021/1106	07/04/2021	2021- 61	07/04/2021	1089	GALIVALIA CONSULSTGO SL	ELABORACION INFORME TECNICO-XURIDICO CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO PERSOAL LABORAL. D.ADX.	920	22706
F/ 2021/1133	12/04/2021	Emit-21 07	31/03/2021	5808	ARTABRA GESTION MEDIOAMBIENT AL SL	DESINFECCIÓN CON FREGADORA ALTA PRESION OS DIAS 1, 2, 3, 4, 9, 10,11 E 14 DE DECEMBRO DE 2020. D.ADX.	311	22700
F/ 2021/1238	27/04/2021	02332021AN 00002537	27/04/2021	9,6	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA DE BOEBRE. 14-09- 2020 a 10-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1239	27/04/2021	02332021AN 00000073	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. FOGAR XUVENTUDE. 15-09- 2020 a 11-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1240	27/04/2021	02332021AN 00002529	27/04/2021	41,68	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. CONCELLO. 04-09-2020 a 03- 12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1241	27/04/2021	02332021AN 00000080	27/04/2021	6,7	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. AV. RICARDO SANCHEZ 37 ST. B. 16-09-2020 a 14-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1242	27/04/2021	02332021AN 00002533	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHAS PRAIA DE VER. 11-09- 2020 a 09-12-2020. D.ADX.	161	22501
F/ 2021/1243	27/04/2021	02332021AN 00000069	27/04/2021	43,71	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. CENTRO DE MAIORES. 15-09- 2020 a 11-12-2020	161	22501
F/ 2021/1244	27/04/2021	02332021AN 00000077	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA DAS VIRTUDES. 15-09- 2020 a 11-12-2020	161	22501
F/ 2021/1245	27/04/2021	02332021AN	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA PARROQUIAL. 18-09-	161	22501



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

		00000076			INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2020 a 16-12-2020		
F/ 2021/1246	27/04/2021	02332021AN 00002523	27/04/2021	323,94	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. COLEXIO COUCEIRO. 07-09-2020 a 04-12-2020	161	22501
F/ 2021/1247	27/04/2021	02332021AN 00000070	27/04/2021	7,28	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA DE CAMPOLONGO. 18-09-2020 a 16-12-2020	161	22501
F/ 2021/1248	27/04/2021	02332021AN 00002539	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHA PRAIA DE SOPAZOS. 07-09-2020 a 04-12-2020	161	22501
F/ 2021/1249	27/04/2021	02332021AN 00000085	27/04/2021	2980,44	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. COLEXIO DE ANDRADE. 18-09-2020 a 16-12-2020	161	22501
F/ 2021/1250	27/04/2021	02332021AN 00000071	27/04/2021	13,08	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. P. I. VIDREIRO. 18-09-2020 a 16-12-2020	161	22501
F/ 2021/1251	27/04/2021	02332021AN 00002530	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. BIBLIOTECA. 04-09-2020 a 03-12-2020	161	22501
F/ 2021/1252	27/04/2021	02332021AN 00000084	27/04/2021	8,73	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA DE OMBRE. 21-09-2020 a 17-12-2020	161	22501
F/ 2021/1253	27/04/2021	02332021AN 00000086	27/04/2021	40,81	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA INFANTIL. CHALE ROSA. 16-09-2020 a 14-12-2020	161	22501
F/ 2021/1254	27/04/2021	02332021AN 00002534	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. ESCOLA DE BOEBRE. 14-09-2020 a 10-12-2020	161	22501



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					GALICIA, S.A.U.		
F/ 2021/1255	27/04/2021	02332021AN 00002524	27/04/2021	17,72	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA XULGADO/SERV. SOCIAIS. 07- 09-2020 a 04-12-2020	161 22501
F/ 2021/1256	27/04/2021	02332021AN 00002535	27/04/2021	85,77	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. IGREXA DE CENTROÑA. 11-09- 2020 a 09-12-2020	161 22501
F/ 2021/1257	27/04/2021	02332021AN 00002528	27/04/2021	6,41	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DR. VILLANUEVA 36 BAIXO. 09-09- 2020 a 07-12-2020	161 22501
F/ 2021/1258	27/04/2021	02332021AN 00002543	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. MERCADO. 07-09-2020 a 04-12- 2020	161 22501
F/ 2021/1259	27/04/2021	02332021AN 00000081	27/04/2021	23,23	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. FOREMDES. 16-09-2020 a 14- 12-2020	161 22501
F/ 2021/1260	27/04/2021	02332021AN 00002536	27/04/2021	6,12	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHA PRAIA DE CENTROÑA. 11-09-2020 a 09-12-2020	161 22501
F/ 2021/1261	27/04/2021	02332021AN 00000075	27/04/2021	6,41	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. CASA DA CULTURA. 15-09-2020 a 11-12-2020	161 22501
F/ 2021/1262	27/04/2021	02332021AN 00002544	27/04/2021	60,24	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON DA AUGA GALICIA. DUCHA PRAIA DE VER. 11-09- 2020 a 09-12-2020	161 22501
F/ 2021/1293	30/04/2021	AA21 000089	30/04/2021	5535,75	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTEMENTO DE ALUMEADO PUBLICO DO 16 AO 30 DE NOVEMBRO	165 22710
F/ 2021/1294	30/04/2021	AA21	30/04/2021	5997,53	ELECTRICIDAD	SERVIZO DE MANTEMENTO DE ALUMEADO PUBLICO DO 1	165 22710



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

		000090			PERMUY, S.L.	AO 15 DE DECEMBRO		
F/ 2021/1295	30/04/2021	AA21 000091	30/04/2021	5572,05	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PUBLICO DO 16 AO 31 DE DECEMBRO	165	22710

Das anteriores facturas, están incluídas en proxectos de gasto as seguintes:

- Proxecto de gasto Xulgado de Paz. 2020/3/KD/1/1: F/2021/562 imputada por importe 18,62 euros

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A SITUACIÓN DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

Toma a palabra o concelleiro do PSdG-PSOE, D. José Simoes Couceiro, para dar lectura a moción presentada polo PSdG-PSOE, que se transcribe a continuación:

«MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A SITUACIÓN DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

O grupo municipal do PSdG-PSOE, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCION

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión da sanidade pública xa non gozaba de boa saúde antes da pandemia. Despois de máis dun ano de pandemia podemos presumir do noso sistema sanitario grazas ao traballo impagable e incansable dos seus e das súas profesionais en canto a atención hospitalaria.

Do mesmo xeito, a Atención Primaria contaba xa cunha situación tamén moi deficiente sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos antes da pandemia.

Dende marzo de 2020 a situación de xestión agravouse exponencialmente, xa que se tiveron que suspender consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que non fixeron máis que incrementar unha xa dilatada lista de agarda no noso sistema sanitario.

A falta de profesionais, a escasa organización dos centros, a ausencia da atención primaria nos órganos de dirección, a falla de coordinación entre a dirección do sistema sanitario e os e as profesionais, etc. fixo que a pandemia intensificara estes problemas e fixoos de necesaria e urxente resolución.

As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria, as dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros e o difícil acceso as especialidades hospitalarias afecta a saúde da poboación e xera un malestar tanto no persoal sanitario como a nivel social. A maiores esta situación provoca unha maior utilización da sanidade privada o que significa, sen dúbida algunha, unha desigualdade no acceso a atención sanitaria.

A modificación da Lei de Saúde de Galicia, ante a que xa pesa un recurso de anticonstitucionalidade por entender que se introducen restricións e limitacións aos dereitos



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

fundamentais (que so poden ser ditados pola lexislación estatal) é a mostra da intención do goberno galego de sobreponer o recorte dereitos fundamentais por encima da tarefa de realizar unha planificación adecuada para saír da crise sanitaria actual.

É a mostra de que o goberno galego, unha vez máis, pretende legislar aquilo que non lle corresponde e deixa valeiras as responsabilidades de xestión que si son da súa competencia

Así mesmo, dende hai anos o servizo de pediatría do PAC eumés atópase nunha situación de inestabilidade constante, sen un ou unha pediatra con praza fixa, o que provoca cambios de persoal constantes, suspensión reiterada da prestación do servizo de tarde, etc; o que xera trastronos e malestar entre as familias eumesas.

Polo anteriormente exposto, o pleno do Concello de Ponte deume acorda instar a Xunta de Galicia:

1º.- A reabrir de forma inmediata os centros de atención primaria para consultas e atención aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados e que non precisen da consulta do persoal profesional médico.

2º.- A cubrir de forma definitiva e estable a praza de pediatra na quenda de tarde. Modificando ao mesmo tempo os orzamentos da Comunidade autónoma para incrementar o número de profesionais sanitarios así como dotar de estabilidade laboral aos mesmos, poñendo fin a elevada precariedade existente no sistema sanitario galego.

3º.- A elaborar un Plan urxente para a Recuperación do Sistema Sanitario Público de Galicia que permita a redución nos atrasos na atención especializada (consultas, probas diagnósticas e cirurxías) atrasos incrementados polas cancelacións derivadas da pandemia».

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. Luis Ángel Díaz**, considera que a exposición de motivos poderíase aplicar a calquera Concello de Galicia, o primeiro punto xa se está facendo, os médicos están pedindo que non se metan máis de trinta pacientes por día. Propoñen a introducción das seguintes emendas:

- Co respecto ao primeiro punto, substituir a expresión "...de forma inmediata..." por "...reabrir de forma escalonada según a evolución da pandemia..."

- En relación ó segundo, incluír "...Instar ó Ministerio de Sanidade a elevar o cupo de pediatras, polo menos para a Comunidade Galega"

- No terceiro punto, non están de acordo coa expresión "...elaborar un Plan urxente...", pois non é todo de forma inmediata, a súa experiencia persoal e ven distinta.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernandez**, sobre o segundo punto "...incluír ao Ministerio de Sanidade..." non hai ningún inconveniente. Con respecto ó primeiro non o ve tan claro, pois vai dirixido ó centro de Saúde de Ponte deume, o que suceda nos outros centros, lle preocupa, pero non é o motivo da Moción. O que se pretende é que se abra de forma inmediata a atención especializada de xeito presencial, debido a que moitos problemas de saúde, necesitan desta atención, especialmente en idades avanzadas.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No primeiro punto engadírase "...esta atención farase cumprindo con todas as medidas de seguridade, e distanciamento social impostas polas autoridades sanitarias como consecuencia da pandemia provocada polo Covid 19".

No segundo punto, engadírase "...Instar ó Ministerio de Sanidade a aumentar o cupo de pediatras na Comunidade Autónoma Galega..."

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, votarán a favor, pensa que sería interesante que este tipo de Mocións pasaran por algunha Comisión, pois así facilitaría estas pequenas emendas, e as Mocións pasarían ó Pleno ca redacción na súa forma final. En resumo, as Mocións que non sexan urxentes, deberían de pasar pola Comisión, e as urxentes por esta vía de urxencia.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, explica que ese tema xa o comentaran noutro Pleno, habería que presentar as Mocións, polo menos, con 15 días de antelación ao Pleno, para poder ir a Comisión Informativa. Como voceiro parécelle boa a idea.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernandez**, comenta que en puridade non deberían ir á Comisión, o lóxico sería que se convocase unha Xunta de Voceiros onde se analicen ás Mocións dos distintos grupos. Polo tanto, comparte a proposta do Sr. Luis Pena, e se convocaría unha Xunta de Voceiros, para consensuar as distintas Mocións.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, parécelle ben a proposta do Sr. Bernardo Fernández, e as Mocións urxentes irían como tales nos Plenos.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, non ten ningún inconveniente en que se celebre Xunta de Voceiros.

Non habendo máis intervencións sométese a votación a Moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1º.- A reabrir de forma inmediata os centros de atención primaria para consultas e atención aos doentes limitando as consultas telefónicas aos trámites para os que foron creados e que non precisen da consulta do persoal profesional médico. Esta atención presencial farase cumprindo con todas as medidas de seguridade, e distanciamento social impostas polas autoridades sanitarias como consecuencia da pandemia provocada polo Covid 19.

2º.- A cubrir de forma definitiva e estable a praza de pediatra na quenda de tarde. Modificando ao mesmo tempo os orzamentos da Comunidade autónoma para incrementar o número de profesionais sanitarios así como dotar de estabilidade laboral aos mesmos, poñendo fin a elevada precariedade existente no sistema sanitario galego. Instar ó Ministerio de Sanidade a aumentar o cupo de pediatras na Comunidade Galega.

3º.- A elaborar un Plan urxente para a Recuperación do Sistema Sanitario Público de Galicia que permita a redución nos atrasos na atención especializada (consultas, probas diagnósticas e cirurxías) atrasos incrementados polas cancelacións derivadas da pandemia.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A PRECARIDADE QUE SOFREN OS CONCELLOS GALEGOS NO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra o concelleiro do PSdG-PSOE, D. José Simoes Couceiro, para dar lectura a moción presentada polo PSdG-PSOE, que se transcribe a continuación:

«O grupo Municipal Socialista do concello de Ponte deume segundo o previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, dexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a precariedade que sofren os concellos Galegos no persoal da Policía Local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez aprobado o Real Decreto 1449/2018, de 14 de Decembro ,bonificación por traballos como Policía Local , a partir do 2 de xaneiro de 2019 porá recoñecerse pensión de xubilación con idade inferior á ordinaria esixida en cada momento aos funcionarios de carreira , incluídos no Réxime xeral da Seguridade Social, membros da Policía Local ao servizo das entidades locais, nas súas diferentes escalas, categorías ou especialidades.

A idade ordinaria de xubilación reducirase en período equivalente ao que resulte de aplicar o coeficiente redutor do 0,20 aos anos completos efectivamente traballados como membros da Policía Local ao servizo das entidades locais.

O déficit estrutural de efectivos da Policía Local é un problema que se arrastra desde que estalou a crise económica do 2008, cando se fixeron valer normas como a lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobada un ano antes, que tiña por obxecto evitar o continuo incremento de persoal nas administracións públicas.

A regulación introducida pouco despois a través da taxa de reposición de efectivos, durante anos só permitía convocar unha ou dúas prazas por cada dez que se amortizaban, meteulle o machadazo definitivo, pois acabou reducindo ao redor dun 40% o número de Policías.

A memoria da Policía Local en Galicia de 2019, último ano do que hai datos , revela un déficit no persoal de seguridade municipal da comunidade de 493 vacantes dos 2.783 totais, o que supón case un 17% máis de postos sen cubrir que o exercicio anterior(422). A finais do 2017, Xunta e federación Galega de municipios e provincias(FEGAMP), firmaron convenio para a creación dunha bolsa conxunta coa que axilizar a cobertura de prazas nas unidades de Policía Local en Galicia, cada vez máis minguada polas vacantes que arrastran desde hai décadas e o goteo continuo de xubilacións. Solución insuficiente pola temporalidade en contratación de Auxiliares de Policía Local , faltando a figura do interino deste corpo.

En España existe un persoal de 70.000 axentes , dos cales se xubiláron 4.438, sendo na nosa comunidade uns 240 Policías locais ao 27 de xullo de 2019, esta cifra segue crescendo debido á media de idade alta na nosa comarca e comunidade, sen obter resposta , nin solución a día de hoxe pola Xunta de Galicia , onde noutras rexións autónomas Andalucía, Valencia , País Vasco etc..., existe a contratación do funcionario interino de Policía Local, e avalada esta por o fallo do Tribunal Constitucional. A sentenza do alto tribunal, con todo , considera que o termo "funcionario de carreira"que está recollida na lei de Bases de Réxime Local (LBRL tamén



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

incluía ao persoal interino, algo que non recolle a lei de Coordinación de Policía Local de Galicia.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local acorda:

1º Instar á Xunta de Galicia en consenso coa FEGAMP, a proceder ao cambio de normativa da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia, ante a problemática que teñen os Concellos para dar entrada a suficientes Policía.

2º Proceder a introducir unha emenda na Lei de coordinación de policía local de Galicia, onde se permita integrar a figura do interino nos corpos policiais municipais de forma “excepcional”, sempre que fose urxente e necesario e cando esas prazas non puidesen ser obxecto de oposición, por falta de taxa de reposición, pero estando vacantes e orzamentadas na relación de postos de traballo (RPT).»

A presidencia abre a queda de debate:

- **Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez**, comenta que no ano 2006 había oito prazas de policía, unha de cabo, e outra de sarxento aprobadas en Pleno, de repente desaparece a praza de sarxento, e quedan vacantes 7 prazas.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, explica que a praza de sarxento sacouse da Relación de Postos de Traballo, non se pode cubrir, está limitada a unha poboación no municipio superior a 10.000 habitantes, polo tanto amortizouse para poder cubrir outro tipo de prazas, quedando a de cabo, que é suficiente para o noso municipio. O que preocupa é cubrir as catro prazas vacantes, e así os turnos estarían completos, pero non para facer o turno de noite.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández**, comenta que as Ofertas de Emprego Público teñen un prazo para a súa execución, o Partido Socialista entrou a gobernar no Concello no ano 2015, oito anos despois da Oferta de Emprego Público, ademais a partir do ano 2012 e cando se aproba a Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, non podendo convocar prazas novas. Tendo o problema engadido de non poder acudir as listas de substitucións coas baixas dos policía locais.

- **Toma a palabra o Sr. Santiago José Rodríguez**, quere engadir un punto á Moción, “*instar ó Goberno Central a que cambie a Lei de Contratación, no referente á policía local*”

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, responde que pódese instar a que na Lei de Orzamentos do Estado, as prazas vacantes, poidan convocarse sen límite de reposición, pero non cambiar a Lei de Contratación. Ademais é moito máis sinxelo e rápido, modificar a Lei de Coordinación de Policía Local. Non ten ningún problema en engadir ese punto a maiores, “*...instar ao Goberno Central a regular a taxa de reposición que posibilite unha maior cobertura de postos, con especial incidencia no caso das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, corpos de Policía Autónoma e Policía Local*”

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, afirma que o déficit é estrutural, o problema é a taxa de reposición, e non pode resolverse creando a figura dos interinos, que ocasionaría un problema a maiores. Xa Europa criticounos polo uso indiscriminado desta figura, o que debería modificarse é o déficit estrutural, cunha variación da taxa de reposición, e non crear bolsas de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

interinos, que causan máis inestabilidade laboral, polo tanto o voto vai a ser en contra da Moción.

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes**, responde que a taxa de reposición ven imposta pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado por unhas normas de contratación. A figura do interino, resolve moito, debería alargarse mentres non exista taxa de reposición, dous anos é un tempo bastante razoable. O Estado pode ampliar o porcentaxe, pero nunha plantilla de dous policías, isto non resolve nada. Este problema sucede en todos os Concellos de España, non entende o voto en contra da Moción. En consoancia coa FEGAMP hai que cambiar a Lei de Coordinación de Policía Locais, para engadir a figura do interino, como está abalada noutras Comunidades Autónomas polo Tribunal Supremo.

- **Toma a palabra o Sr. Luis Pena**, reitérase na súa postura, pensa que o que hai que facer é aumentar as prazas de funcionarios, e a taxa de reposición.

Non habendo máis intervencións sométese a votación a Moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2 votos en contra** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO seguinte**:

1º Instar á Xunta de Galicia en consenso coa FEGAMP, a proceder ao cambio de normativa da Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia, ante a problemática que teñen os Concellos para dar entrada a suficientes Policía.

2º Proceder a introducir unha emenda na Lei de coordinación de policía local de Galicia, onde se permita integrar a figura do interino nos corpos policiais municipais de forma “excepcional”, sempre que fose urxente e necesario e cando esas prazas non puidesen ser obxecto de oposición, por falta de taxa de reposición, pero estando vacantes e orzamentadas na relación de postos de traballo (RPT).

3º Instar ao Goberno Central a regular a taxa de reposición que posibilite unha maior cobertura de postos, con especial incidencia no caso das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, corpos de Policía Autónoma e Policía Locais.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A BAIXAR O PREZO DA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPOSTOS E CUSTES REGULATORIOS.

- O Sr. Luis Angel Díaz, anuncia que logo de ver a Moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, sobre este mesmo tema, decidiron presentar por rexistro unha moción conxunta, e non ten moi claro como se procede.

- O Sr. Bernardo Fernández, explica que deben retirar as Mocións presentadas, e acordar a súa inclusión na orde do día



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- O Sr. Luis Pena, opina o mesmo, retirada dos puntos nove e dez, da orde do día, e presentar unha Moción por urxencia, que é unha mestura das dúas.

Procédese á votación da retirada dos puntos 9 e 10 da orde do día, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** de retirada dos puntos 9 e 10 da orde do día.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.

Retírase da orde do día, conforme ao sinalado no punto anterior.

11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada no día de hoxe polos partidos do BNG e PP de xeito conxunto “**MOCIÓN SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA**”, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

Toma a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego o Sr. Luis Pena, para dar lectura á moción conxunta, que se transcribe a continuación:

«Moción sobre a nova tarifa eléctrica

*Os concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e do Partido Popular (PP) no Concello de Ponte deume, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,*

Exposición de motivos:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola “Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia” (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Ponte deume da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade (rebaixar este gravamen ao 0%) e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

3- Instar ao Goberno de España a simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión.

4- Instar ao Goberno de España a poñer en marcha de inmediato unha campaña de información dirixida aos consumidores que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa de la luz»

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra o Sr. José Simoes Couceiro**, comenta que a exposición de motivos decae un pouco, visto o que vai aprobar hoxe o Consello de Ministros. Con referencia ó primeiro punto parece que o Goberno Central ten a culpa da política enerxética deste país, e non é admisible



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de todo, o resto dos puntos xa están en marcha, en canto o punto tres e catro fan referencia ó mesmo, poderían refundirse. Votarían a favor da Moción, se se modifica o punto un.

- **Toma a palabra o Sr. Bernardo Fernández**, propón unha emenda á Moción ou a inclusión dun novo punto. Con respecto ó primeiro pódese incluír a expresión “...á política enerxética dos distintos gobernos centrais...” Comenta que as políticas enerxéticas dos últimos tempos leváronos a situación en que estamos, xa no ano 2016 e 2014 falárase de incrementos parecidos na factura da luz, polo tanto cada vez vai aumentando máis o valor.

Solicita tamén que se engada un novo punto, “...Instar á Unión Europea a modificar a actual regulación no sistema de subasta dos dereitos de emisión de gases contaminantes, impedindo que os bancos e fondos e inversión poidan adquirir os mencionados dereitos...” Expón que existe algo do que non se fala aquí, e está detrás do incremento do custo da enerxía, é a modificación nas subastas, dos dereitos de emisión, que realizou a Unión Europea no ano 2016. Explica que hai un sistema que saca a subasta a emisión de CO2 (gases contaminantes). Ata unha data concreta, eran as empresas contaminantes, as que podían comprar os dereitos de emisión e entrar nas subastas, a partir da modificación comentada da Unión Europea, permitiuse ós bancos e ós fondos de inversión comprar estes dereitos, o que supuxo un incremento moi considerable no prezo por tonelada, no ano 2016 pagábase a tonelada a 4,38 €, e no ano 2021 a 43 €. A continuación le uns recortes de prensa sobre o tema.

A concelleira Dna. Rocío Souto Torre abandonou a sesión sendo as 13h 40min.

Non habendo máis intervencións sométese a votación a Moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Ponte deume á política enerxética dos distintos gobernos centrais, por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade (rebaixar este gravamen ao 0%) e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.

b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

3- Instar ao Goberno de España a simplificar o recibo da luz para facilitar a súa comprensión; e a poñer en marcha de inmediato unha campaña de información dirixida aos consumidores que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa de la luz.

4- Instar á Unión Europea a modificar a actual regulación no sistema de subasta dos dereitos de emisión de gases contaminantes, impedindo que os bancos e fondos e inversión poidan adquirir os mencionados dereitos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24/06/2021

(Expediente TEdC: 2021/G006/000121)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **291.2021** de 20 de maio ao **365.2021** de 17 de xuño de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2021/G003/000313	APROBACIÓN PADRÓNS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, ABRIL 2021	000291/2021	20-05-2021 13:11
2021/G003/000300	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO AI9950000022513	000292/2021	20-05-2021 15:29
2021/G003/000299	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI9950000022313	000293/2021	21-05-2021 09:40
2021/G003/000321	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27/05/2021	000294/2021	21-05-2021 14:32
2021/G003/000312	TESOURERIA - Levantamento da Suspensión temporal decreto RECOÑECEMENTO E POSTERIOR PAGAMENTO CUSTOS MANTENIMENTO AVAIS [REDACTED] Expte. n.º 2021/G003/000263) (Expte. n.º 2021/G003/000209) (Expte. n.º 2021/X998/000001)	000295/2021	21-05-2021 14:32
2021/G003/000318	APROBACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR GASTOS DERIVADOS DA ADQUISICIÓN DE SELOS CONMEMORATIVOS.	000296/2021	21-05-2021 14:32
2021/G003/000316	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 A Nº4 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -CAMIÑO CASTRELO (CENTROÑA)-, AGADER 2020/2021.CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DA OBRA "CAMIÑO CASTRELO (CENTROÑA) (AGADER 2020-2021)" 2ª LICITACIÓN	000297/2021	21-05-2021 15:05
2021/G003/000322	SOLICITA A XUBILACION E O PAGO DAS VACACIONS DOS	000298/2021	24-05-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	ANOS 2019 E 2020 E A INDEMNIZACION PREVISTA NO CONVENIO LABORAL [REDACTED]		13:22
2021/G003/000325	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 216/2021 DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2021	000299/2021	26-05-2021 10:14
2021/G003/000317	Solicitud para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, 2021.	000300/2021	26-05-2021 10:14
2021/G003/000331	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/6 E DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITO F/2021/7	000301/2021	26-05-2021 15:58
2021/G003/000295	XUSTIFICACIÓN APROL RURAL 2020	000302/2021	27-05-2021 12:10
2021/G003/000287	APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS E ORDENACIÓN DO PAGO DAS AXUDAS PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DO CONCELLO DE PONTEDEUME	000303/2021	27-05-2021 12:10
2021/G003/000333	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 300/2021 DE SOLICITUDE PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA 2021. EXPTE 2021/G003/000317	000304/2021	27-05-2021 12:10
2021/G003/000328	APROBACIÓN CALENDARIO AXENDA DA ACTIVIDADE DE CONCILIACIÓN RUEIRAS/RUEIROS DE VERÁN 2021	000305/2021	27-05-2021 12:10
2021/G003/000326	PERSOAL-RESOLUCIÓN APROBACIÓN NÓMINA MES MAIO 2021.	000306/2021	27-05-2021 15:30
2021/G003/000320	PERSOAL-INCIDENCIAS NÓMINA MES MAIO 2021.	000307/2021	27-05-2021 15:30
2021/G003/000329	Decreto xustificación Subvención por concorrencia competitiva a entidade Club Náutico Firrete 2020	000308/2021	28-05-2021 10:56
2021/G003/000330	TESOURERIA - BAIXA NO PADRON DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ANULACION RECIBOS ANO 2020 A SOLICITUDE DE [REDACTED]	000309/2021	28-05-2021 11:02
2021/G003/000332	TESOURERIA- BAIXA NO PADRON DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO E ANULACION RECIBOS (EXPEDIENTE 2021/X998/000019)	000310/2021	28-05-2021 11:02
2021/G003/000323	PERSOAL-SEGUROS SOCIAIS ABRIL 2021	000311/2021	28-05-2021 12:08



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/G003/000336	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA INSTALACIÓN DE MOBILIARIO URBANO PUNTOS DE INFORMACIÓN (MUPIS) 2021	000312/2021	31-05-2021 09:37
2021/G003/000338	PERSOAL-RESOLUCIÓN HORARIO DE VERAN 2021	000313/2021	31-05-2021 17:17
2021/G003/000340	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000314/2021	01-06-2021 12:51
2021/G003/000339	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000315/2021	01-06-2021 12:52
2021/G003/000327	XUSTIFICACIÓN FINAL DE AGADER 2020-2021. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS, CAMIÑO DE CASTRELO	000316/2021	02-06-2021 10:05
2021/G003/000342	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS RESPONSABLES DE SISTEMAS DE ABASTECIMENTO Á POBOACIÓN PARA A REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA ANTE SITUACIÓNS DE SECA PARA O ANO 2021	000317/2021	02-06-2021 10:05
2021/G003/000337	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	000318/2021	02-06-2021 11:34
2021/G003/000343	APROBACIÓN CRITERIOS DE ADMISIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO URBANO RUEIRAS/RUEIROS DE VERÁN 2021	000319/2021	02-06-2021 11:34
2021/G003/000319	DECRETO XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA SOCIEDAD DEPORTIVA EUMESA PARA ANO 2019	000320/2021	02-06-2021 11:34
2021/G003/000347	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 03-06-2021	000321/2021	02-06-2021 14:29
2021/G003/000344	PARALIZACIÓN DA OBRA E SUSPENSIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE" (POS +2019)	000322/2021	02-06-2021 14:10
2021/G003/000354	DELEGACIÓN DE CASAMENTO DE [REDACTED] NO CONCELLEIRO JOSÉ SIMOES COUCEIRO.	000323/2021	04-06-2021 10:14
2021/G003/000349	TESOURERÍA- BAIXA NO PADRON DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO E ANULACION RECIBOS (EXPEDIENTE 2021/X998/000020)	000324/2021	03-06-2021 12:58
2021/G003/000358	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8, XERACIÓN DE CRÉDITO 5, LIMPEZA DE PRAIAS.-	000325/2021	04-06-2021 14:40
2021/G003/000357	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7, XERACIÓN DE	000326/2021	04-06-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	CRÉDITO.-		14:40
2021/G003/000355	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE EVA M ^a GUERRERO RICO, DO 15 AO 28 DE XUÑO DE 2021.	000327/2021	04-06-2021 14:40
2021/G003/000353	DESIGNACIÓN DE PROCURADORA NO RECURSO "PO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000089/2018" DE ██████████ ██████████ CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	000328/2021	04-06-2021 14:40
2021/G003/000359	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000329/2021	07-06-2021 10:04
2021/G003/000290	EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES DO XXIV PREMIO INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME (2021)	000330/2021	07-06-2021 10:04
2021/G003/000346	ADXUDICACION DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA " PREVENCIÓN DE CONDUTAS DE RISCO EN ADOLESCENTES 2021"	000331/2021	08-06-2021 09:04
2021/G003/000360	CONVOCATORIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE 10.06.2021.	000332/2021	08-06-2021 09:05
2021/G003/000361	MODIFICACION DE CREDITO 9, XERACION DE CREDITO 6, PERSOAL OFICINA TURISMO.-	000333/2021	08-06-2021 09:04
2021/G003/000351	TESOURERIA- CONCESION VAO PERMANENTE RUA FONTENOVA 4	000334/2021	08-06-2021 09:04
2021/G003/000362	INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DESISTIMENTO DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA CONTIDA NO PROXECTO PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN RÚA RIO EUME E PR ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO (POS + ADICIONAL 2018)	000335/2021	08-06-2021 09:04
2021/G003/000375	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 11, XERACIÓN DE CRÉDITO 7. REDE CULTURAL.-	000336/2021	09-06-2021 11:48
2021/G003/000369	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 10. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2.-	000337/2021	09-06-2021 11:52
2021/G003/000371	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ██████████ ██████████	000338/2021	09-06-2021 13:34
2021/G003/000378	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000339/2021	09-06-2021 13:34
2021/G003/000376	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000340/2021	09-06-2021 20:02



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2021/G003/000374	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000341/2021	09-06-2021 20:02
2021/G003/000367	TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 1T2021	000342/2021	10-06-2021 12:40
2021/G003/000352	TESOURERIA- EXPEDIENTE DE BAIXA NO PADRON DE VAO E ANULACION RECIBOS DE [REDACTED]	000343/2021	11-06-2021 09:28
2021/G003/000365	ANULACIÓN DE APROBACIÓN DE FACTURAS DAS PÓLIZAS GPALM1000254 E GPALM1000208	000344/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000368	PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000183/2013-M RECLAMACION DE CANTIDADES ADEUDADAS POLAS MATRICULAS DA ESCOLA INFANTIL CHALE ROSA 2009-2010. FESAN	000345/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000379	MODIFICACION DE CRÉDITO 12, XERACIÓN DE CRÉDITO 8, PERSOAL ATENCIÓN MUSEOS.-	000346/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000315	LIQUIDACIÓN DE TAXA OCUPACIÓN CASETA SOCORRISMO EN PRAIA DE VER ANO 2021	000347/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000382	SOLICITASE REMISION DE EXPEDIENTE PARA PROCEDEMENTO ABREVIADO 142/2021 [REDACTED]	000348/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000381	PROCEDEMENTO ORDINARIO 379/2021 [REDACTED] CITACION PARA O DIA 02/09/2021	000349/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000208	ENCOMENDA DE DEFENSA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000417/2020, DEMANDANTE DNA. [REDACTED]	000350/2021	11-06-2021 11:39
2021/G003/000385	Solicitud General a nombre de [REDACTED]	000351/2021	11-06-2021 11:47
2021/G003/000366	TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 1T2021	000352/2021	11-06-2021 11:41
2021/G003/000149	Comunicación Previa de Inicio o Modificación de Actividad	000353/2021	11-06-2021 11:41
2021/G003/000279	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA PARA A ACTUACIÓN "REFORMA DA ESCOLA DE CAMPOLONGO (POS+ 2019)" (Expediente: 2020/C003/000004)	000354/2021	14-06-2021 22:49
2021/G003/000280	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A ACTUACIÓN "REFORMA DA ESCOLA DE CAMPOLONGO	000355/2021	14-06-2021 22:49



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	(POS+ 2019)" (Expediente: 2020/C003/000006)		
2021/G003/000285	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA "REFORMA DA ESCOLA DE CAMPOLONGO (POS+ 2019)"	000356/2021	15-06-2021 12:59
2021/G003/000289	APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO "MELLORA DO TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA ATA O SEU ENCONTRO COA ESTRADA PROVINCIAL DP-4803" (REV_03) (POS+2019)	000357/2021	15-06-2021 14:20
2021/G003/000390	TESOURERIA- PADRON ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRUAS E RESERVA DE APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS, EXERCICIO 2021	000358/2021	15-06-2021 14:19
2021/G003/000399	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17-06-2021	000359/2021	16-06-2021 12:21
2021/G003/000400	Convocatoria da sesión Ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de 21/06/2021	000360/2021	16-06-2021 13:52
2021/G003/000394	TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 1T2021	000361/2021	16-06-2021 13:51
2021/G003/000401	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 21/06/2021	000362/2021	16-06-2021 14:19
2021/G003/000398	APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO PREMIO DO "XXXI CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME"	000363/2021	17-06-2021 12:17
2021/G003/000393	TESOURERIA - APROBACION PADRON AUGA SUMIDOIROS 1T2021	000364/2021	17-06-2021 10:55
2021/G003/000403	PERSOAL- MODELO 111 IRPF MAIO 2021	000365/2021	17-06-2021 13:35

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, na data sinalada na marxe>>

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**

13.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal de Ponte deume, presenta para o Pleno do mes de xuño os seguintes:

ROGOS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 1-. Rogamos saquen el coche azul que hay estacionado/aparcado en la entrada lateral del mercado (lleva casi 1 año sin moverse)
 - 2-.Rogamos repongan la luz ámbar del semáforo nuevo
 - 3-. Rogamos reparen las losas del paseo marítimo a la altura del parque y de la piscina municipal
 - 4-. Rogamos reparen las piedras rotas y sueltas de toda la Plaza del Conde
 - 5-.Rogamos sitúen contenedores en los accesos a los arenales del municipio y se proceda a la recogida de los residuos con frecuencia
 - 6-.Rogamos chorrear y fregar la parada del bus en la av. De la Coruña
 - 7-.Rogamos instalen una señal galibo en campo san cosme hay continuos golpes de los camiones en los balcones
 - 8-. Rogamos hagan los trámites necesarios para la limpieza de los postes del tendido eléctrico y telefónico en la parroquia de centroña, estan llenos de maleza y puede producir cortes de telefonía y eléctricos.
- O voceiro do Partido Popular o Sr. Santiago José Rodríguez, quere engadir un rogo máis que non presentou por rexistro, o cal transcríbese:
- 9.- Rogamos se hagan los trámites necesarios para colocar unas bandas sonoras, en la carretera DP4803 a la altura del 149 y del restaurante Miramar ya que hai un paso de peatones y los coches pasan a alta velocidad.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Ponte deume, presenta para o Pleno do mes de xuño os seguintes:

ROGOS

1. Rogamos a retirada dos contedores de roupa “Humana” (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO, INCUMPRIDO FEBREIRO, INCUMPRIDO MARZO...)
 2. Rogamos que nos envíen as actas da comisión COVID-19 (ROGO INCUMPRIDO DE XULLO, INCUMPRIDO SETEMBRO, INCUMPRIDO OUTUBRO, INCUMPRIDO NOVEMBRO, INCUMPRIDO DECEMBRO, INCUMPRIDO XANEIRO.....)
 3. Rogamos se instale un novo paso de peóns na Alameda (Paseo de Raxoi), á continuación das escaleiras que unen a Corredoiras das Virtudes co Paseo de Raxoi. Rogamos que este paso de peóns sexa do tipo “paso sobre-elevado” (reductor trapezoidal)
 4. Rogamos aumenten o número de elementos para reducir as velocidade nas rúas/camiños/estradas de Ponte deume. A maioría están escachadas e non cumpren coa súa misión
- O voceiro do Bloque Nacionalista Galego o Sr. Luis Pena, quere engadir un rogo máis que non presentou por rexistro, o seguinte:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Rogamos que se envíe por correo a acta onde se vexa o pronunciamento dos sindicatos na Mesa de Negociación sobre o regulamento do teletraballo.

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal de Ponte deume, presenta para o Pleno do mes de xuño as seguintes:

PREGUNTAS

1-. Ayuntamiento:

Las barreras actuales de acceso a las oficinas municipales, las dificultades para comunicarse con los trabajadores de estos centros y el difícil acceso a las tecnologías digitales, afecta a la población y genera un malestar tanto en el personal como entre los vecinos y vecinas. ¿Cuándo va el gobierno municipal retomar la atención presencial, limitado a la atención telefónica y las citas previas, en todas las oficinas y servicios de la administración local?

2-. En cuanto a la biblioteca:

¿Por qué no se reinicia el aula de estudio y consulta, mediante aforos y demás medidas que hoy existen y han demostrado que son eficaces?

Y si no es posible en ese espacio.

¿Por qué no se habilita otro sitio para el aula de estudio y consulta tan demandada por muchos jóvenes?

3-. Citas D.N.I.

Sabemos que cuando se realiza la renovación del DNI en nuestro ayuntamiento, el teléfono que se indica para pedir cita es misión imposible para muchos de nuestros vecinos y sobre todo para gente mayor.

¿Por qué no se dejan unas citas para hacerlo presencialmente, sobre todo para esa franja de edad que es muy difícil acceder por teléfono y sobre todo muy complicado poder trasladarse a Ferrol para gestionar la renovación del DNI?

4-. Mercado provisional:

En el mes de febrero hemos preguntado por la situación del mercado provisional, 4 meses después sigue en la misma situación y dado las numerosas preguntas de nuestros vecinos por el trato de favor que recibe el único placero que queda en dicho mercado provisional, trasladamos la siguiente pregunta.

¿Por qué no está cerrada ya la plaza provisional para poder darle otro uso?

5-.playas:

¿Qué medidas de sanidad y seguridad esta a implantar el gobierno en las playas del ayuntamiento de cara a la campaña de verano?

6-. ¿Qué actividades hay previstas para los mas pequeños en verano y donde se tienen que apuntar?.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As respostas entregadas ás preguntas do Partido Popular foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo do goberno, o Sr. José Simoes Couceiro:

1. Actualmente son moitos os departamentos onde se atende de forma presencial, como Alcaldía ou Tesourería por poñer dous exemplos, quedando o Departamento de Urbanismo con atención telefónica e o Rexistro Municipal e o Departamento de Servizos Sociais con cita previa. No primeiro deles retomarase a atención presencial nos próximos días cando se incorpore o persoal que se atopa de vacacións, do mesmo xeito que no rexistro. No caso do departamento de Servizos Sociais debemos esperar a unha mellora da situación epidemiolóxica, xa que debido ás características do edificio non existe unha sala de espera onde situar aos veciños cumprindo coas medidas de distanciamento.
2. Neste momento a Biblioteca está a realizar as funcións de servizo de préstamos e devolucións de obras, préstamo interbibliotecario, así como consulta de información bibliográfica e bibliotecaria para traballos de investigación. Tendo en conta que a sala de lectura conta cuns 30 postos en condicións normais, e que segundo a ORDE do 28 de maio de 2021 (Num 99-bis) na que se indica que nas bibliotecas se aplicará un aforo do 50% do total, mantendo a distancia de seguridade quedaría un aforo total de 10 postos.

O pasado mes de abril, debido ao inicio das instalacións da infraestrutura das zonas Wifi, realizáronse unha serie de intervencións que obrigaron ao vaciado da sala de ordenadores da primeira planta o que supuxo a ocupación de gran parte do espazo da sala destinada a lectura reducindo o espazo existente. Tendo en conta a posta en marcha de todos os servizos de maneira paulatina coa constante melloría na evolución da crise sanitaria xunto co progreso dos procesos de vacinación, contamos que ao longo de mes de xullo poda reiniciarse o funcionamento habitual da sala de consultas e lectura.

Actualmente non dispoñemos dun local que reuna as características necesarias para tal fin.

3. Sobre a solicitude de cita por vía telefónica para este servizo cabe aclarar que son moitas as chamadas que se reciben eses días para solicitar cita, por iso é polo que o teléfono este ocupado de forma continuada, esgotando o número de prazas dispoñibles na primeira media hora. O establecemento dun sistema de cita presencial provocaría importantes aglomeracións, tanto nas dependencias da Policía Local e da entrada ao edificio de Foremdes, o que incumpriría as medidas de distanciamento establecidas pola Xunta de Galicia.

Xa na pasada lexislatura solicitouse á Policía Nacional o aumento da cota de renovacións, sen que ata a data atendeuse dita petición, que reiteraremos de novo.

4. O adxudicatario ten un prazo para o acondicionamento do seu posto, unha vez finalizado leste deberá abandonar as instalacións provisionais.
5. Todas as indicadas pola Xunta de Galicia, dende carteleira, papeleiras...etc.
6. En canto ás actividades previstas para vos máis pequenos leste verán; organizaremos un campamento deportivo con diferentes actividades ao longo da semana, así como clases de pádel gratuítas, unha campaña de vela e windsurf, xornadas de xogos de mesa tradicionais ao aire libre e demais actividades que están aínda por concretar debido aos



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

constantes cambios dá normativa que regula as medidas sanitarias, ou que impide planificar este tipo de eventos con suficiente antelación.

O lugar da inscrición será, como ben sendo habitual, no Pavillón Municipal de Deportes 'A Casqueira'.

Tamén levaremos a cabo, coma sempre nestas datas, os Rueiros de verán, que xa teñen practicamente cubertas todas as súas prazas, pendentes de adxudicar nestes días.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Ponte deume, presenta para o Pleno do mes de xuño as seguintes:

PREGUNTAS

1. FEIRON MEDIEVAL. Cales son as actividades previstas, horario e ubicación para o Feirón Medieval dos Andrade deste ano ?
2. FESTA DAS PERAS. Que ten previsto a día de hoxe para a celebración das festas das Peras ?
3. SAN NICOLAS. Seguramente a conservación do patrimonio artístico non estea entre as súas prioridades. ¿En que data tiveron constancia da rotura da cabeza de San Nicolas e que fixeron ata o día de hoxe ?
4. PINTADA CONVENTO SAN AGUSTÍN. No Convento hai pintada "unha portería" con pintura verde, ¿En que data tiveron constancia da pintada ? Cal foi o resultado da investigación (si é que existiu) para identificar aos autores da falcatuada ? En que data teñen previsto limpara a pintada ?
5. PASO SOBRE ELEVADO. Pedimos que se instalara un paso de peóns sobre elevado na Alameda. Para cando estará instalado ?
6. DATOS BREAMO FRAGAS EUME. Coa vontade de defender a calidade do ensino público e poder informar o obxectivamente ás familias afectadas polos cambios, solicitamos os datos concretos sobre a situación do curso 2020/21 que finaliza e as previsións para o curso 2021/202

		20/21		21/22		
	Nº alumn@s	Nº liñas	Nº Desdobres	Nº alumn@s	Nº liñas	Nº Desdobres
1º	ESO					
2º	ESO					
3º	ESO					
4º	ESO					
1º	BAC					
2º	BAC					



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

20/21


Nº profesores/as

Nº aulas totais

7. CAMPO DE SAN COSME. En decembro do 2018, no lugar do Campo de San Cosme, no número 13, elimináronse un conxunto de pedras no “arcén” da estrada. Logo ese mesmo terreo onde se atopaban as pedras foi asfaltado polo Concello e tempo máis tarde nese mesmo terreo foron colocados uns bolardos e un contedor de lixo. Si fixo esta actuación o concello, canto costou a actuación de retirada de pedras e asfaltado ? Por que se decidiu colocar un só contedor de lixo nese lugar, en vez de colocalo nas proximidades co resto de contedores das outras fraccións do lixo ?

8. SOCORRISTAS. Cal é o número de socorristas, praia na que se ubicarán, horario de traballo e data de inicio e final para esta tempada de verán ?

9. PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME. O concello de Ponte deume ten representación na Xunta Reitora do Parque Natural Fragas do Eume, no que se está a planear a implantación de 13 aeroxeneradores de 180 m de altura que terán un impacto directo (visual, patrimonial, turístico) e moi negativo sobre o parque.



O polígono eólico entre de cheo no corazón da fraga, que accións tomará o concello para evitar esta aberracións medioambiental ?

10. MERCADO PROVISIONAL. Que estudio/s de alternativas se realizaron para buscare un uso das Lonxas de Rajoi no futuro próximo ? A que se adicará este espazo ? En que data esta previsto o cambio de uso ?



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

11. EDIFICIO DO PICHO. Cal é o estado contractual da compra desta finca ? Cal é o coste económico previsto ? En que data se formalizará o contrato ?

As respostas entregadas ás preguntas do Bloque Nacionalista Galego foron as seguintes, segundo se remiten polo voceiro do grupo do goberno, o Sr. José Simoes Couceiro:

1. O concello de Ponte deume organiza este ano a XI edición do Feirón Medieval dos Andrade cunha programación adicada principalmente ao público infantil e familiar. Realizarse en dúas ubicacións, a Praza do Conde e a Alameda de Raxoi, que contará con control de acceso, aforo limitado, circuitos de entrada e saída e aforos. Contará con atraccións mecánicas, un recuncho infantil e actividades de títeres e contacontos para os mais pequenos.

Tamén se realizará un concurso de debuxo infantil tal e como se viña realizando en outras edicións. Respecto aos horarios estará dividido en horario de mañá de 11 a 15 horas, e de tarde de 17-22 horas.

2. A intención do goberno local é poder celebrar dita festividade, pero o formato dependerá da situación sanitaria que se dea nese momento así como da evolución da campaña de vacinación e dos datos epidemiolóxicos

De manterse unha situación similar á actual na que aínda existen limitacións de aforo tanto en espazos públicos como privados, apostarase pola realización de actividades de pequeno formato, sendo conscientes de que hai determinados actos tradicionais nas nosas festas que conlevarían unha gran afluencia de participantes que de manterse as actuais medidas adoptadas polo goberno autonómico, non estarían permitidas

3. En primeiro lugar, este goberno deu numerosas mostras ao longo deste mandato do seu compromiso coa conservación do patrimonio artístico. Son moitos os exemplos que poderíamos dar diso; desde a limpeza de grafitis en distintos monumentos que como no caso do Torreón levaban alí desde a época na que vostedes formaban parte do goberno local fai mais de 14 anos, como a posta en marcha de visitas guiadas ou a posta en marcha do proxecto de realidade aumentada para a súa posta en valor e concienciación sobre a necesidade do seu coidado, ou o actual acondicionamento que se está realizando no Castelo de Andrade, entre outras moitas. Pero precisamente como se trata de patrimonio artístico, sería importante que tivesen vostedes en conta que toda actuación necesita da preceptiva autorización da dirección xeral de patrimonio. Devandito isto, no caso que non ocupa, o día 11 de setembro de 2020 infórmasenos da rotura da cabeza da estatua, tras isto inicianse as xestións para contactar cun restaurador/a para a elaboración do correspondente informe e memoria de actuación para ser remitido á dirección xeral de patrimonio a fin de conseguir a pertinente autorización para iniciar os traballos.

Actualmente estamos á espera desa resposta para proceder á reparación.

4. Tivemos constancia desa pintada o día 17 de abril. O autor da mesma foi identificado, tratándose dun menor. Neste caso serán os seus pais os que asuman os gastos derivados da súa limpeza.

Actualmente estase á espera da Dirección Xeral de Patrimonio para o inicio dos traballos xa que se trata dun BIC.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Dous meses antes da súa petición este goberno xa tiña iniciado os trámites para a instalación dun pase elevado na Avenida de Rajoy. Elaborouse unha memoria estando actualmente á espera do informe favorable que autorice dita actuación, por situarse esta dentro do centro histórico.
6. Como xa lle reiteramos de forma continuada en distintos plenos, os concellos non temos competencia en materia educativa. Este é un feito que calquera que sexa Concelleiro ou aspire a gobernar un municipio debería coñecer. Se a este engadímoslle a condición de docente do portavoz do seu grupo e por tanto persoa coñecedora deste ámbito competencial, resulta cando menos sorprendente que se soliciten estes datos ao concello e non os trasladen vostedes ás direccións destes centros educativos ou á propia Consellería de Educación.

Cando hai vontade por defender a calidade do ensino pública e informar OBXECTIVAMENTE as familias afectadas, non se manipula a realidade nin se tenta enganar a estas familias trasladando peticións de información en materias nas que os concellos non teñen competencias ou ocultando a información da que se dispón, como nos consta que están a facer vostedes.

Agradeceríamos un pouco máis de seriedade e honestidade por parte do seu grupo.

7. En primeiro lugar deberían vostedes coñecer ben o rural do noso municipio e non confundir a parroquia de Nogueirosa coa de Vilar.

Ata o 2018, en Vilar, existía unha leira privada que tiña delimitada unha parte da mesma co que urbanisticamente se coñece como “amojonamiento”. En reiteradas ocasións, xa antes da nosa chegada ao goberno e durante a mesma, foron moitos os veciños da zona que solicitaban ao concello a retirada destas pedras tendo en conta o perigo que representaban para os menores que puidesen circular en bicicleta, así como o estreitamento da calzada. Tras a nosa chegada á alcaldía contáctase cos propietarios quen accede á súa retirada, cedendo ese espazo ao concello a cambio de que se unifique este con o mesmo pavimento que o do camiño e instálase un contedor para a reciclaxe de residuos inorgánicos.

Esa actuación non tivo ningún custo para o Concello debido a que estes traballos realizáronse de forma gratuíta pola empresa que pavimentou o camiño naquelas datas.

8. Actualmente a Xunta de Galicia aínda non publicou a resolución definitiva para a concesión de subvencións aos concellos para a contratación de socorristas. Desde este Concello solicitamos 6 prazas e realizouse a correspondente retención de crédito para iniciar o proceso de selección sen ter que esperar e non demorar a incorporación deste persoal á espera da resolución da Xunta.

O horario de traballo e as condicións son iguais que en anos anteriores, con quendas de mañá e tarde. O servizo iniciárase tan pronto termine o proceso de selección.

9. A implantación de 13 aeroxeradores está contemplada na zona do parque que pertence ao concello de Monfero. Tras ser coñecedores de que se estaba a tramitar a autorización para a instalación dese parque eólico, puxémonos en contacto co goberno local de Monfero para obter información e mostrarlles o noso apoio en canto ao rexeitamento da devandita instalación. Por este motivo xa lles adiantamos que no próximo pleno presentaremos unha



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

moción a este respecto e co obxectivo de que non leve a cabo o mencionado proxecto nesa zona.

Así mesmo, se se nos convocase por parte da Consellería a unha reunión da Xunta Reitora do Parque, trasladarase esta mesma posición.

Tal e como lle trasladamos ao Tenente Alcalde do Concello de Monfero, participaremos en todas aquelas accións e mobilizacións ás que nos convoquen, como mostra do noso apoio.

10. A intención deste goberno municipal é a localización nese edificio dun espazo de Coworking , proxecto que actualmente está a ser tramitado pola Deputación provincial da Coruña, varias salas multidisciplinares para ser utilizadas por entidades do municipio e o propio concello e a saída a concesión de locais de zona de restauración que axudaría a xerar emprego, riqueza e poñer en valor una das zonas histórico – turística mais concorrida do municipio, o que serviría de polo de atracción e completaría a nosa oferta gastronómica.
11. Actualmente se continua coa tramitación dese expediente e tan pronto este finalizado faranse públicos todos os datos así como os usos previstos para esa parcela.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

